

**PROGRAMACIÓN DE
LINGUA E LITERATURA
GALEGAS**

CURSO 2021-22

PROGRAMACIÓN LOMCE (2021-22)

Decreto 86/2015 do 25 de xullo polo que se establece o currículo de ESO e BAC na Comunidade Autónoma

PROGRAMACIÓN da ACTIVIDADE DOCENTE do DEPARTAMENTO de LINGUA GALEGA E LITERATURA (2021-22)

RECÓLLESE NESTE DOCUMENTO A PROGRAMACIÓN PARA LINGUA GALEGA E LITERATURA E PARA LINGUA PORTUGUESA.

OS ELEMENTOS REFERENTES Á ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO SERÁN COMÚNS PARA AS DÚAS MATERIAS.

OS ELEMENTOS ESPECÍFICOS DE LINGUA PORTUGUESA TERÁN UN APARTADO PROPIO.

NO CASO DE QUE A SITUACIÓN ACTUAL DE PANDEMIA OBRIGUE A UN CAMBIO NAS CONDICIÓNNS DE APLICACIÓN DESTA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ENGÁDENSE AO FINAL DA MESMA DOUS ANEXOS PARA UNHA EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL OU VIRTUAL, SE AS AUTORIDADES SANITARIAS DECRETAN QUE ESE SEXA O MODELO DE ENSINO NALGÚN MOMENTO DESTE CURSO ACADÉMICO

ÍNDICE

1.- Introducción e contextualización	7
2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	7
3.- Obxectivos xerais	11
a. Obxectivos para a ESO	11
b. Obxectivos para o Bacharelato	12
4.- Obxectivos específicos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave	14
1º de ESO	13
2º de ESO	28
3º de ESO	44
4º de ESO	57
1º de Bacharelato	75
2º de Bacharelato	87
5.- Temporalización	101
1º de ESO	101
2º de ESO.....	107
3º de ESO	112
4º de ESO	118
1º de Bacharelato	123
2º de Bacharelato	129

6.- Grao mínimo de consecución para superar a materia. Contidos mínimos.....	132
1º de ESO.....	132
2º de ESO.....	133
3º de ESO.....	134
4º de ESO.....	134
1º de Bacharelato.....	135
2º de Bacharelato.....	136
7.- Procedementos e instrumentos de avaliación.....	137
1º de ESO e 2º de ESO.....	137
3º de ESO e 4º de ESO.....	138
1º de Bacharelato e 2º de Bacharelato.....	139
8.- Concrecións metodolóxicas.....	140
9.- Materiais e recursos didácticos.....	140
10.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	141
11. Síntese de estándares, porcentaxes e aclaracións.....	143
12.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	166
13.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	171
14.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas adoptadas como consecuencia dos resultados	174
15.- Medidas de atención á diversidade	175
16.- Concreción dos elementos transversais.....	179

1º de ESO e 2º de ESO.....	180
3º de ESO e 4º de ESO.....	180
1º de Bacharelato e 2º de Bacharelato.....	182
17.- Actividades complementarias e extraescolares	183
18.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora....	184
19.- Lecturas: criterios de selección e obxectivos	185
20.- Proxecto lector do centro	189
21.- Plan de Integración das TICs	191
22.- Exención en Lingua Galega	192
23.- Protocolo de funcionamento do Departamento.....	192
24.- Accións encamiñadas a mellorar a comunicación con pais/nais/titores-as legais	195
25. Seguimento do alumnado con atención domiciliaria.....	195
26. Adaptación ao novo calendario da convocatoria ordinaria e extraordinaria de xuño.....	196
27.- Composición do Departamento e carga horaria curso 2019-20	197

ANEXOS:

ANEXO I: CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES - COMPETENCIAS CLAVE PARA A ESO POR CURSOS	199
ANEXO II: PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LINGUA PORTUGUESA.....	327
ANEXO III: CONSIDERACIONES PARA UN MODELO SEMIPRESENCIAL DE APRENDIZAXE	419
ANEXO IV: CONSIDERACIONES PARA UN MODELO VIRTUAL DE APRENDIZAXE.....	420
ANEXO V: LIBROS DE LECTURA.....	423

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Pódese dicir que un programa educativo consiste en proxectar e ordenar todas as actividades que se fan durante un curso académico, moitas e de moi diferente natureza, cun conxunto de alumnos/as determinado e con obxectivos específicos. Trátase, xa que logo, de realizar unha estruturación de actividades de todo tipo, anticipándonos á marcha do curso.

Cabe destacar, que estes obxectivos, metodoloxía e avaliación están suxeitos a variacións particulares adaptadas a cada curso e grupo concretos, que non variarán o espírito específico desta programación, pero responderán a variables imposibles de planificar na súa totalidade. En cada caso serán as docentes que impartan as clases en cada grupo as planificación das etapas do proceso educativo.

Partiremos na nosa programación da integración do proceso educativo no Primeiro e Segundo Ciclos de Ensino Secundario Obrigatorio, no Primeiro e Segundo curso de Bacharelato e no ensino de Lingua portuguesa na ESO que observen se existe a necesidade dalgún tipo de estratexia específica non tida en conta neste proxecto inicial. De todos os xeitos tratarase de elementos non fundamentais que non invalidan en absoluto esta relación de expectativas, senón que as completan.

En canto aos contidos cinguirémonos aos establecidos pola lei nos distintos programas de Lingua e Literatura, debidamente actualizados e adaptados ás necesidades concretas do alumnado ao longo do curso, procurando a necesaria coordinación entre os membros do Departamento.

Por outra banda, debemos ter en conta as características lingüísticas do noso alumnado. Debemos destacar que a maioría dos nosos alumnos e alumnas poden expresarse en galego nas súas relacións de iguais e na propia aula. En xeral, amósanse respectuosos coa lingua aínda que manteñan comportamentos diglósicos.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave serán as seguintes, a súa concreción figurará no apartado correspondente a cada nivel.

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

As competencias serán avaliadas de modo global a partir dos estándares recollidos nesta programación. As concreción recollémolas na seguinte táboa con explicacións.

Algunhas competencias serán avaliadas a partir das cualificación que obteñan en bloques de contidos (**Comunicación lingüística (CCL)**, **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**, **Competencias sociais e cívicas (CSC)**, **Aprender a aprender (CAA)**), outras a partir de tarefas ou actividades concretas (**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**, **Competencia dixital (CD)**) e outras a partir da observación durante o curso e tendo en conta aspectos concretos (**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**).

Comunicación lingüística (CCL). Consideramos que dada a natureza da materia Lingua galega e Literatura, a competencia lingüística será avaliada ao longo do curso e a súa cualificación corresponderase coa nota da suma total de todos os estándares avaliados.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): A cualificación desta competencia corresponderase coa obtida nas actividades onde se traballe a resolución de problemas, tratamento e interpretación de gráficos...

Competencia dixital (CD) A cualificación desta competencia corresponderase coa obtida nas actividades onde se traballe a busca e selección de información, a elaboración de información propia derivada da información obtida a través dos medios tecnolóxicos, a análise crítica das mensaxes dos medios de comunicación, aplicación de criterios éticos no uso das tecnoloxías e manexo de ferramentas dixitais.

Aprender a aprender (CAA). A cualificación desta competencia corresponderase coa media da obtida no bloque de contido 2 e 3: Comunicación escrita ler e escribir e Funcionamento da lingua. Son os bloques onde se constata mellor a evolución do alumno ou a alumna en canto a que se recoñeza a si mesmo/-a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Fixarémonos nos seguintes aspectos:

Identificar potencialidades persoais.
Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE). Data a natureza desta competencia, basearémonos para a súa cualificación na observación do alumno ou alumna ao longo do curso avaliando os seguintes aspectos:

Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
Ser constante no traballo..
Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos e/ou asumindo tarefas, coa finalidade de que o grupo sexa eficaz.
Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Conciencia e expresións culturais (CCEC). A cualificación desta competencia corresponderase coa obtida no bloque de contido 5: Educación Literaria

Competencias sociais e cívicas (CSC). A cualificación desta competencia corresponderase coa obtida no bloque de contido 4: Lingua e Sociedade.

ESTÁNDARES BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL, ESCOITAR E FALAR	Escoita, comprende, interpreta, recolle e organiza ideas en resumos, esquemas..., sintetiza e aplica normas que rexen a cortesía. Produce textos adecuados ao contexto (incluídas as intervencións espontáneas), cinguese ao tema, avalía erros... Segue instrucións	Comunicación lingüística (CCL)
ESTÁNDARES BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA, LER E ESCRIBIR	Le, comprende, interpreta, recolle e organiza en esquemas e resumos. Distingue tema, subtemas, estrutura, interpreta e analiza o contido (intención, personaxes, sentimentos, reaccións, espazos, tempo...) Produce textos correctos e adecuados de distinto tipo (tamén aplica normas de ortografía) Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe. Segue instrucións	Comunicación lingüística (CCL) Aprender a aprender (CAA)
ESTÁNDARES BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA	Coñece e aplica regras que rexen aspectos de morfoloxía, verbos, pronome, tipos de palabras, deícticos, tipos de oracións (interrogativas, asertivas...) ,compoñentes das palabras...,vocabulario amplo,... Recoñece erros Recoñece e evita prexuízos	Comunicación lingüística (CCL) Aprender a aprender (CAA)
ESTÁNDARES BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE	Coñece a diversidade lingüística, lusofonía, romanización, o contexto histórico e cultural do galego e compoñentes... Comprende e analiza a situación sociolingüística de Galiza. Coñece a lexislación relativa e rexeita prexuízos. Analiza a propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír á normalización da lingua galega. Coñece variantes diatópicas e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque.	Comunicación lingüística (CCL) Competencias sociais e cívicas (CSC).
ESTÁNDARES BLOQUE 5: EDUCACIÓN	Le, comprende e comenta textos de diferentes etapas histórico-literarias e distingue os trazos característicos.	Comunicación lingüística (CCL) Conciencia e expresións culturais

LITERARIA	Identifica os trazos característicos de textos literarios das etapas estudadas no curso. Comenta textos literarios de distintas épocas axustados ao nivel. Produce textos con intención literaria Aplica normas de ortografía Diferencia os tres grandes xéneros, recoñece as súas características...	(CCEC)
-----------	---	--------

3. OBXECTIVOS XERAIS

a. OBXECTIVOS PARA A ESO

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comucación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

b. OBXECTIVOS XERAIS PARA O BACHARELATO

O Bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades

e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Recollemos nos seguintes cadros a concreción de contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe asociados ás súas competencias clave.

De todos os xeitos, recollemos por cursos a aplicación práctica de todo isto nos apartados correspondentes.

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1ºESO

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			linguaxe discriminatoria).	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CCL ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC
<ul style="list-style-type: none"> b e g h 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> a c d h 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións). 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións). 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ g ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.	experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.	móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Comprensión e interpretación de textos do ámbito educativo, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito educativo do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, e información de dicionarios e enciclopedias en distintos soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Lectura en voz alta con dicción, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Ler en voz alta con dicción, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ ñ	entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.	entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.	respecto pola puntuación do texto.	
			▪ LGB2.7.2. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.	▪ CCL
			▪ LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.	▪ CCL ▪ CD
▪ b ▪ e ▪ h	▪ B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	▪ B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	▪ LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.	▪ CCL
			▪ LG2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa.	▪ CCL
			▪ LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.	▪ CCL
			▪ LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).	▪ CCL
			▪ LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.	▪ CCL ▪ CD
▪ b ▪ e ▪ h	▪ B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	▪ B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	▪ LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.	▪ CCL ▪ CD ▪ CSC

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Produción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.14. Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e de confianza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.14. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.14.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.14.2. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			actitude positiva de superación.	
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ n ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e a normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	verbo, adverbio, etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.	e diferenciar as flexivas das non flexivas.	erros e distingue as flexivas das non flexivas.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.7.1. Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo os temporais e os explicativos). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.8.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.9.1. Producir textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.9.2. Identificar as funcións sintácticas no seo da oración. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.10.1. Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.11.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Participación en proxectos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Participar en proxectos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.12.1. Participa en proxectos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>B4.7. Historia da lingua: o galego antigo (Idade Media), emerxencia e declive, características lingüísticas, contexto histórico e cultural, e situación sociolingüística</p> <p>B4.8. Historia da lingua: galego medio; dialectalización da lingua (séculos XVI, XVII e XVIII); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.</p> <p>B4.9. Historia da lingua: galego moderno (desde o século XIX ata 1916); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.</p> <p>B5.1. Definición dos conceptos "literatura" e "texto literario", caracterización dos diferentes xéneros e análise dos seus principais recursos formais e descrición da cronoloxía xeral da historia da literatura galega.</p> <p>B5.2. Definición de "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, relación histórica da súa vitalidade e mais das principais manifestacións e compilacións realizadas nos diferentes períodos históricos ata a actualidade.</p> <p>B5.3. A literatura medieval: contextualización sociohistórica e sociolingüística das súas orixes, definición das características principais e análise da lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.</p> <p>B5.4. Lectura de textos significativos da literatura medieval, identificación das súas características temáticas e formais e relación destas co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</p> <p>B5.5. A literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción desta etapa, e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais.</p> <p>B5.6. Lectura de textos significativos da literatura do galego medio, identificación das súas</p>	<p>2 sesións</p> <p>Irán incluídos na temporalización dos temas de literatura destes períodos</p> <p>2 sesións</p> <p>3 sesións</p> <p>12 sesións (incluídas as necesarias para este período na historia da lingua)</p>
---	---

<p>características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen</p> <p>B5.7. A literatura do Rexurdimento: contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais deste período.</p> <p>B5.8. Lectura de textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</p>	<p>7 sesións (incluídas as necesarias para este período na historia da lingua)</p> <p>12 sesións (incluídas as necesarias para este período na historia da lingua)</p>
--	--

2º BACHARELATO

CONTIDOS

TEMPORALIZACIÓN

	Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar	
B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.	Todo o curso	
B1.2. Comprensión interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo.	Todo o curso	
B1.3. Comprensión interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (xéneros informativos e de opinión, e da publicidade).	Todo o curso	
B1.4. Desenvolvemento das habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.	Todo o curso	
B1.5. Producción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.	Todo o curso	
B1.6. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	Todo o curso	
B1.7. Exposición oral de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural.	Todo o curso	
B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	Todo o curso	
B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.	Todo o curso	
B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.	Todo o curso	
B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	Todo o curso	

	Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir	
B2.1. Comprensión e produción de textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial con axuda de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos.	Todo o curso	
B2.2. Planificación, produción e revisión de textos de distintos ámbitos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas morfolóxicas e gramaticais e ben presentados.	“	
B2.3. Produción de traballos educativos individuais e en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica e cultural.	“	
B2.4. Análise e comentario de textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	“	
B2.5. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas e dixitais e posterior organización e revisión das producións cos recursos que ofrecen as TIC.	“	
B2.6. Descrición das propiedades do texto e análise, nas producións propias e alleas, dos procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión.	“	
	Bloque 3. Funcionamento da lingua	
B3.1. Pronuncia correcta dos fonemas propios do galego e das transformacións fonéticas que se dan nas palabras ao longo da cadea falada.	Tres sesións	
B3.2. Coñecemento e explicación das variedades dialectais de Galicia.	Dúas sesións	
B3.3. Análise e explicación do léxico e dos seus procedementos de formación.	Dúas sesións	
B3.4. Observación, reflexión e explicación das unidades e funcións sintácticas.	Seis sesións	
B3.5. Reflexión e explicación das relacións e unidades semánticas.	Dúas sesións	
B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	Todo o curso	
B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para	Todo o curso	

desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	
	Bloque 4. Lingua e sociedade
B4.1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.	Dúas sesións
B4.2. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.	Catro sesións
B4.3. Construción da variante estándar da lingua galega.	Unha sesión
B4.4. Interferencias lingüísticas: castelanismos.	Unha sesión
B4.5. Historia da lingua: galego moderno (desde 1916 ata 1978); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.	Unha sesión
B4.6. Historia da lingua: galego moderno (desde 1978 ata a actualidade); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística; situación legal e características lingüísticas.	Unha sesión
B4.7. Elaboración dunha descrición esquemática na que se detallan as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	Unha sesión
B4.8. A evolución da conciencia lingüística.	Todo o curso
	Bloque 5. Educación literaria
B5.1. Literatura galega de 1916 a 1936: Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.	Seis sesións
B5.2. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	Dúas sesións
B5.3. Literatura galega entre 1936 e 1975: Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole,	Seis sesións

Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70. Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.	
B5.4. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	Dúas sesións
B5.5. Literatura galega de 1975 ata a actualidade: Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	Seis sesións
B5.6. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	Dúas sesións
B5.7. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	Dúas sesións por avaliación

6. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

CONTIDOS MÍNIMOS

1º DE ESO:

- Coñecemento da orixe do galego e os elementos básicos que o compoñen.
- Manexo correcto do concepto de normalización do galego.
- Coñecemento da situación actual do galego e Lusofonía.
- Coñecemento suficiente da diversidade lingüística do galego e o proceso polo cal se chegou a ela.

- Redacción dun texto con corrección, adecuación e coherencia sobre un tema dado.
- Responder correctamente á preguntas dadas sobre un texto axeitado ao seu nivel, así como saber cal é o tema, facer unha síntese e presentar as ideas principais e secundarias.
- Manexar correctamente o concepto de lenda, novela, relato curto, conto tradicional, teatro, texto poético, texto xornalístico...
- Indicar correctamente xénero e número de palabras dadas así como formar os seus femininos e plurais.
- Recoñecer substantivos, adxectivos (gradación), verbos (e conxugación), pronomes, determinantes...
- Recoñecer e manexar palabras homónimas, homófonas, polisémicas, simples, derivadas, compostas, prefixos, sufixos, campo semántico, familia léxica...

2º DE ESO:

- Coñecemento da orixe do galego e os elementos básicos que o compoñen.
- Manexo correcto do concepto de normalización do galego.
- Coñecemento da situación actual do galego. A normalización lingüística.
- Coñecemento e valoración da diversidade lingüística. Os prexuízos lingüísticos.
- A lusofonía.
- Recoñecer e producir textos dos diferentes xéneros literarios.
- Redactar un texto con corrección, adecuación e coherencia sobre un tema dado.
- Narrar, describir, expresar por escrito unha reflexión crítica con adecuación á súa idade.
- Responder correctamente á preguntas dadas sobre un texto axeitado ao seu nivel de diferentes tipoloxías, así como saber cal é o tema, facer e unha síntese e presentar as ideas principais e secundarias.
- Utilizar as ferramentas e técnicas de aprendizaxe: o resumo, o esquema
- Indicar correctamente xénero e número de palabras dadas así como formar os seus femininos e plurais.
- Recoñecer substantivos, adxectivos (tipos), verbos, pronomes e determinantes, preposicións, adverbios e conxunción.
- Recoñecer os tipos de oración simple e os seus elementos básicos.

- 3º DE ESO

- Recoñecemento das principais etapas da lingua galega, do seu nacemento ao século XXI indicando as características de cada período. Manexar o concepto de normalización. Facer unha reflexión con espírito crítico sobre a situación actual do galego coñecendo e manexando conceptos de sociolingüística, incluídas as interferencias.
- Recoñecer a realidade lingüística actual da Península Ibérica.
- Coñecer e recoñecer os trazos representativos de bloques lingüísticos.
- Elaborar un texto correcto, completo, coherente e cohesionado a partir dun tema dado.
- Identificar os principais tipos de palabras así como saber o xénero dos substantivos e saber formar o feminino e plural de substantivos e adxectivos (gradación), pronome (identificación e colocación).
- Recoñecer e manexar con corrección o léxico recollido no apartado de contidos.
- Identificar os tipos de cantigas medievais recoñecendo as súas principais características así como coñecementos mínimos do contexto en que se desenvolveron. Realizar un comentario dos seus elementos principais.
- Demostrar mediante probas orais ou escritas que se coñece o paradigma verbal e infinitivo conxugado.
- Responder correctamente á preguntas dadas sobre un texto axeitado ao seu nivel, así como saber cal é o tema, facer unha síntese e presentar as ideas principais e secundarias.
- Manexar con corrección os conceptos de lexema, prefixo e sufixo e saber identificalos en palabras dadas.
- Coñecer a figura e obra dos principais autores do Rexurdimento: Rosalía, Curros, Pondal así como as principais características do seu labor. Realizar un comentario sobre poema ou poemas.

4ºESO

- Coñecer e valorar o plurilingüismo. Uso plurilingüe como ferramenta útil de comunicación e aprendizaxe.
- Coñecer o proceso de Normalización do galego. Ter unha actitude positiva perante as prácticas normalizadoras do uso do galego.
- Distinguir as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas. A función da lingua estándar.
- Distinguir os prexuízos lingüísticos e as súas consecuencia.

- Coñecer e valorar a diversidade lingüística da P.Ibérica. As leis. A lusofonía.
- Coñecer a Historia Social da Lingua desde 1916 á actualidade.
- Coñecer e identificar as categorías gramaticais e as súas características.
- Coñecer os tipos de oración simples e compostas (coordinadas e subordinadas). Os elementos da oración.
- Identificar e comprender os períodos e xeracións da literatura galega de 1916 á actualidade..
- Ler autonomamente e comentar criticamente obras desta etapa.

- 1º DE BACHARELATO

- Coñecemento e manexo dos contidos indicados para este curso. Este coñecemento será demostrable por trimestres se se adaptan positivamente aos criterios de avaliación específicos mediante probas orais e/ou escritas ou en probas globaisdeseñadas polo profesor ou profesora.
- Utilizar a lingua galega para comunicarse, oralmente e por escrito, con corrección fonética e ortográfica.
- Diferenciar as variedades da lingua (xeográficas e sociais), e variedade estándar
- Identificar as interferencias lingüísticas entre galego e castelán, valorando a produción correcta do galego.
- Analizar os usos sociais da lingua, valorando a ausencia de prexuízos e estereotipos.
- Elaborar a información, oralmente e por escrito, a partir dos medios tradicionais de comunicación e dos medios informáticos (Internet, bases de datos, procesadores de textos...).
- Coñecer os conceptos teóricos e os procedementos lingüísticos (flexión, clasificación, análise, etc.) propios da gramática galega.
- Coñecer os mecanismos da renovación léxica e utilizar correctamente as palabras patrimoniais, os cultismos, os semicultismos e as terminoloxías específicas.
- Producir textos propios do ámbito académico (resumos, traballos monográficos, consultas bibliográficas, etc.), servíndose de procedementos de documentación e de estratexias que faciliten a comprensión e a expresión (fichas, esquemas, etc.).

- Coñecer os autores, características da súa obra e comentar as obras máis representativas da literatura galega da Idade Media e dos séculos XVI, XVII, XVIII, XIX, e establecer relacións entre os textos e a etapa na que foron creados.
- Interpretar textos e obras literarias e emitir xuízos fundados sobre aspectos formais e temáticos.
- Producir textos correctos emitindo de xeito eficaz xuízos críticos sobre temas de actualidade a partir dun texto dado ou tema presentado

2º DE BACHARELATO

- Coñecemento e manexo dos contidos indicados para este curso. Este coñecemento será demostrable por trimestres se se adaptan positivamente aos criterios de avaliación específicos mediante probas orais e/ou escritas ou en probas globais deseñadas polo profesor ou profesora.
- Utilizar a lingua galega para comunicarse, oralmente e por escrito, con corrección fonética e ortográfica.
- Diferenciar as variedades da lingua (xeográficas e sociais), e variedade estándar.
- Identificar as interferencias lingüísticas entre galego e castelán, valorando a produción correcta do galego.
- Analizar os usos sociais da lingua, valorando a ausencia de prexuízos e estereotipos.
- Elaborar a información, oralmente e por escrito, a partir dos medios tradicionais de comunicación e dos medios informáticos (Internet, bases de datos, procesadores de textos...).
- Coñecer os conceptos teóricos e os procedementos lingüísticos (flexión, clasificación, análise, etc.) propios da gramática galega.
- Coñecer os mecanismos da renovación léxica e utilizar correctamente as palabras patrimoniais, os cultismos, os semicultismos e as terminoloxías específicas.
- Producir textos propios do ámbito académico (resumos, traballos monográficos, consultas bibliográficas, etc.), servíndose de procedementos de documentación e de estratexias que faciliten a comprensión e a expresión (fichas, esquemas, etc.).

- Coñecer os períodos da Historia da Lingua Galega. Elaboración do estándar e desviacións da norma.
- Coñecer as tipoloxías textuais e elaborar textos segundo as súas características.
- Análise sintáctica da oración composta: coordinación e subordinación.
- Coñecer os autores, características da súa obra e comentar as obras máis representativas da literatura galega do século XX e de principios do século XXI e establecer relacións entre os textos e a etapa na que foron creados.
- Interpretar textos e obras literarias e emitir xuízos fundados sobre aspectos formais e temáticos.
- Producir textos correctos emitindo de xeito eficaz xuízos críticos sobre temas de actualidade a partir dun texto dado ou tema presentado

Ademais destes contidos mínimos en cada nivel hai libros de lectura.

7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1º e 2º DE ESO

Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e académico. Seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe.

Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos escritos sinxelos dos ámbitos social e académico, seguindo instrucións para a realización das tarefas guiadas de aprendizaxe.

Realizar exposicións e narracións orais planificadas claras e áxiles e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Usar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.

Escribir, seguindo un modelo, narracións e descrições, así como outros textos sinxelos propios da vida cotiá, das relacións sociais e dos medios de comunicación. Planificar e revisar ditos textos coa axuda do docente aplicándolles as normas básicas de adecuación, coherencia, cohesión, de corrección e precisión léxica.

Consultar, baixo a dirección do profesorado, textos en diferentes soportes co fin de extraer a información solicitada e incorporala ás propias producións.

Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito dirixido os propios textos.

Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica. Observar os condicionamentos máis evidentes da valoración e uso social do galego e utilizar a lingua con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.

Recoñecer a diversidade lingüística do mundo actual, con especial atención ao contorno peninsular.

Ler obras literarias e desenvolver o criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e recoñecendo os trazos xerais do xénero.

Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente os trazos xenéricos e á funcionalidade dos recursos retóricos.

Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empreguen.

3ºe 4º DE ESO

1.- Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais de complexidade adaptada aos niveis de 3º e 4º respectivamente dos ámbitos social, literario e académico. Seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe de xeito autónomo.

2.- Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos escritos de complexidade adaptada aos niveis de 3º e 4º respectivamente dos ámbitos social, literario e académico, seguindo instrucións para a realización das tarefas de aprendizaxe de xeito autónomo .

3.- Realizar exposicións e narracións orais planificadas claras e áxiles e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Usar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.

4.- Escribir narracións e descripcións, así como outros textos adaptados aos niveis de 3º e 4º respectivamente propios da vida cotiá, das relacións sociais, dos medios de comunicación e literarios. Planificar e revisar ditos textos coa axuda do docente aplicándolles as normas básicas de adecuación, coherencia, cohesión, de corrección e precisión léxica.

5.- Consultar, baixo a dirección do profesorado, textos en diferentes soportes co fin de extraer a información solicitada e incorporala ás propias producións.

6.- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e a literatura e as normas de uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar os propios textos.

7.- Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística adecuada ao nivel de 3º e 4º respectivamente.

- 8.- Observar os condicionamentos máis evidentes da valoración e uso social do galego e utilizar a lingua con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- 9.- Recoñecer a diversidade lingüística do mundo actual, con especial atención ao contorno peninsular.
- 10.- Recoñecer e comentar os trazos característicos de diversos tipos de textos respectivos ás diferentes etapas literarias.
- 11.- Producir textos creativos con intención literaria.
- 12.- Realizar comentarios literarios axeitados ao seu nivel.

1º e 2º DE BACHARELATO

1. Interpretar diferentes tipos de discursos orais, escritos e audiovisuais
2. Participar en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e realizar producións orais planificadas.
3. Compoñer producións escritas planificadas sobre temas de actualidade ou curriculares.
4. Caracterizar e identificar diferentes tipos de textos orais, escritos e audiovisuais.
5. Coñecer os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos propios da gramática galega.
6. Utilizar os coñecementos lingüísticos para comprender textos alleos e para producir textos propios de diferente natureza.
7. Coñecer e utilizar un caudal léxico adecuado e amplo.
8. Diferenciar as variedades internas da lingua e identificar as interferencias lingüísticas e as desviacións da norma.
9. Valorar a lingua galega e ser quen de identificar os prexuízos e estereotipos que están ligados a ela.
10. Coñecer as causas históricas da situación actual da lingua.
11. Coñecer a historia da Literatura Galega.
12. Ler, analizar e comentar obras e fragmentos significativos da historia da nosa literatura.

8. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía utilizada nas aulas réxese polos seguintes parámetros:

Utilización de metodoloxía activa e interactiva con variación de estratexias de acercamento ao tema tratado (recursos audiovisuais, textos de diferentes tipoloxías, audicións, cuestionarios...). Exposicións moi breves, nomeadamente puntualizacións e aclaración de dúbidas, na presentación dos temas, salvo en momentos en que se precisen explicacións máis extensas.

Realización de actividades e traballos na aula por parte do/a alumno/a sobre cada unha das tarefas presentadas para facilitar a súa asimilación.

Proposta de actividades e reflexión sobre o abordado, a realizar polo alumnado. Posterior corrección ou resolución de dúbidas.

Realización de actividades de aprendizaxe colaborativa.

Utilización dos recursos relacionados coas TICs para fomentar o seu uso e manexo adecuado.

9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libros de texto (*Lingua Galega e Literatura 1º, 2º,3º, 4º ESO, Anaya Edicións; 1ºBac. Consorcio Editorial, 2ºBac. Rodeira Edicións*)

Utilización de metodoloxía activa e interactiva con variación de estratexias de acercamento ao tema tratado (recursos audiovisuais, textos de diferentes tipoloxías, audicións, cuestionarios...). Exposicións moi breves, nomeadamente puntualizacións e aclaración de dúbidas, na presentación dos temas, salvo en momentos en que se precisen explicacións máis extensas.

Realización de actividades e traballos na aula por parte do/a alumno/a sobre cada unha das tarefas presentadas para facilitar a súa asimilación.

Proposta de actividades e reflexión sobre o abordado, a realizar polo alumnado na casa. Posterior corrección ou resolución de dúbidas.

Libros de lectura propostos para o nivel (obrigatorios e voluntarios)

Material didáctico elaborado polo departamento ou o/a profesor/a en particular.

Encerados dixitais, canóns, reprodutor de CDs e IPOD, blogs (biblioteca, profesor/a), cámara de vídeo dixital e gravadora de son.

Páxina web do IES , Abalar e Aula Virtual .

10.CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO LG e LITERATURA

Consideramos que a avaliación é un proceso complexo do que os pais/nais e alumnado debe ter a máxima información.

Recollemos nesta programación aqueles aspectos que observaremos como docentes pero tamén queremos esforzarnos en que pais/nais e alumnado, teña unha documentación sinxela e asequible pola que poida facer un seguimento deste proceso.

Os aspectos xerais que observaremos por alumno/alumna serán os seguintes:

A actitude na aula, en relación co grupo, coa materia e a propia lingua , tendo en conta a participación con propostas ou preguntas pertinentes, as mostras de interese por aprender... O alumnado con dificultades para expresarse en galego, deberá manifestar ao longo dos trimestres esforzo e progreso, incluída a utilización do galego como lingua vehicular nas aulas

As tarefas e probas orais ou escritas

Teranse en conta a coherencia na exposición, a utilización correcta do rexistro, o grao de coñecemento de vocabulario esixible en cada nivel e as faltas de ortografía.

O traballo diario: atención activa ás explicacións, participación activa e construtiva, reflexión individual posterior, realización das tarefas e interese na resolución das dificultades.

Lecturas para cada nivel propoñeranse lecturas. A avaliación das lecturas poderá basearse en actividades de diferente natureza (probas orais e/ou escritas, traballos de investigación...) que se especificará por grupos e trimestres.

Os cadernos (traballados) **e o material**, presente, organizado e disposto para o traballo.

As intervencións de aula.

A evolución na traxectoria académica.

Faltas de ortografía: A avaliación das faltas de ortografía inclúese nos estándares. Como punto de referencia para tratar as faltas de ortografía seguirase os seguintes parámetros

Considéranse faltas graves:

A valoración por regra xeral, será a seguinte:

Os tiles diacríticos.

As faltas b/v; h/O, maiúsculas ...

Os castelanismos sintácticos, léxicos ou semánticos.

Erros graves na utilización dos signos de puntuación que inflúan na comprensión do texto...

Considéranse faltas leves:

Resto dos tiles

Dialectalismos da zona

A ortografía incorrecta de palabras moi cultas ou de moi pouco uso.

Específico para Bacharelato: A avaliación realizarase tendo en conta as características especiais da etapa. A concreción e desenvolvemento aparece pomenorizada nas táboas correspondentes a 1º e 2º de bacharelato.

Para facilitar a alumnado e familias a información deste apartado , ofrecemos unha síntese dos estándares de aprendizaxe e indicadores de logro por niveis.

Esta información será repartida a cada alumno e alumna ao principio de curso. Para os curso de ESO tamén se pedirá que estea asinada por pais/nais/titores legais e que permaneza anexa ao caderno e disposta para a consulta.

Tamén se repartirá polos paneis de cortiza das aulas. Estes serán os documentos:

11. LINGUA GALEGA E LITERATURA 1º ESO: SÍNTESE DE ESTÁNDARES, PORCENTAXES E ACLARACIÓNS

ESTÁNDARES BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL, ESCOITAR E FALAR	<p>Escoita, comprende, interpreta,recolle e organiza ideas en resumos, esquemas..., sintetiza e aplica normas que rexen a cortesía.</p> <p>Produce textos adecuados ao contexto (incluídas as intervencións espontáneas), cinguese ao tema, avalía erros...</p> <p>Segue instrucións</p>	10%	Indicador de logro: audicións e intervencións espontáneas e planificadas
ESTÁNDARES BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA, LER E ESCRIBIR	<p>Le, comprende, interpreta,recolle e organiza en esquemas e resumos.</p> <p>Distingue tema, subtemas, estrutura, interpreta e analiza o contido (intención, personaxes, sentimentos, reaccións, espazos, tempo...)</p> <p>Produce textos correctos e adecuados de distinto tipo (tamén aplica normas de ortografía)</p> <p>Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe.</p> <p>Segue instrucións</p>	10%	Indicador de logro: proba e/ou traballo a partir de lectura de libro
ESTÁNDARES BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA	<p>Coñece e aplica regras que rexen aspectos de morfoloxía, verbos, pronome, tipos de palabras, deícticos, tipos de oracións (interrogativas, asertivas...) ,compoñentes das palabras...,vocabulario amplo,...</p> <p>Recoñece erros</p> <p>Recoñece e evita prexuízos</p>	40/50%	Indicador de logro: proba escrita ou similar
ESTÁNDARES BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE	<p>Coñece a diversidade lingüística, lusofonía, romanización, o contexto histórico e cultural do galego e compoñentes...</p> <p>Comprende e analiza a situación sociolingüística de Galiza.</p> <p>Coñece a lexislación relativa e rexeita prexuízos.</p> <p>Analiza a propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír á normalización da lingua galega.</p> <p>Coñece variantes diatópicas e clasifica producións lingüísticas</p>	10/20%	Indicador de logro: proba escrita e/ou similar

	segundo o bloque.		
ESTÁNDARES BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA	Le con regularidade e de forma guiada. Produce textos con intención literaria Diferencia os tres grandes xéneros, recoñece as súas características...	10/20%	Indicador de logro: proba escrita e/ou similar

* A porcentaxe aplicada aos estándares pode variar en función das circunstancias pero procurárase que oscile entre o que se indica.

* Pode presentárselle ao alumnado algunha actividade adicional para mellorar resultados. De facelo, informarase ao alumnado das condicións, características e peso na nota de trimestre.

*A corrección na produción de textos (orais e escritos), a comprensión, prexuízos lingüísticos... aínda que se avalían de forma específica nos bloques mencionados, serán avaliados de xeito continuo ao longo do curso.

*Para motivar a mellora nas faltas de ortografía, poderanse establecer ao longo do curso mecanismos de mellora.

* Tendo en conta a posible necesidade de aplicar medidas de atención á diversidade, en casos concretos, poderase variar esta previsión en función das circunstancias.

POR TRIMESTRE	1 PUNTO: realización de traballos ou actividades a concretar 0.5 PUNTOS: produción de textos orais e/ou escritos 0.5 PUNTOS: entrega de todas as actividades, entrega en prazo e forma(indicada pola profesora) 1 PUNTO: comprensión, interpretación e produción a partir da lectura do libro 7 PUNTOS: probas, exames, ou actividade equivalente sobre a materia dada no trimestre (BLOQUE 3 e parte ou todo o BLOQUE 4 e BLOQUE 5. Pode haber 1 ou 2 en función das necesidades do alumnado
----------------------	---

LECTURAS QUE SE TRABALLAN AO LONGO DO CURSO: A profesora indicará o título, forma de avaliar ou indicador de logro e porcentaxe de puntuación no trimestre.

ORIENTACIÓN DE DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS POR TRIMESTRES:

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
O alfabeto. A sílaba Acentuación O substantivo e o adxectivo	Os determinantes. O pronome Acentuación	O verbo Os adverbios, preposicións e conxuncións Acentuación

Semántica Lingua e sociedade Tipos de textos Comprensión e produción de textos Vocabulario	Semántica Lingua e sociedade Tipos de textos Comprensión e produción de textos Vocabulario	Lexemas, morfemas e tipos de palabras Lingua e sociedade Tipos de textos Comprensión e produción de textos Vocabulario
--	--	--

RECUPERACIÓNS:

Para a recuperación de avaliacións cunha cualificación de insuficiente ou inferior, sempre que a actitude do alumno ou alumna sexa positiva, establécese o seguinte:

En xeral e dado que a avaliación ten vocación de continua, non será necesario realizar recuperacións (en forma de probas escritas) fragmentando a materia.

No entanto, a aquel alumnado que teña unha actitude positiva durante o curso e que seguindo estes criterios xerais non consiga unha cualificación positiva, a criterio da profesora, poderá ofrecérselle a posibilidade de presentarse a probas de recuperación.

Considerarase actitude positiva sempre que , como mínimo, se cumpra o seguinte:

- Asistencia regular a clase
- Presentación de tarefas, traballos... no prazo establecido.
- Presentación ás probas de materia na data establecida.
- Cooperación nas tarefas en equipo.
- Demostración activa de interese en superar carencias e mellorar resultados.
- Actitude respectuosa cara ás instalacións, profesorado e alumnado.
- Ausencia de partes de anoestación por condutas contrarias á convivencia.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Para a avaliación extraordinaria , ademais da proba obrigatoria, poderase contemplar a elaboración de actividades específicas de acordo coas necesidades do alumnado

Nota aclaratoria: Se un alumno ou alumna é sorprendido durante a realización dunha proba utilizando material impreso, audiovisual, informático etc., non autorizado, esta proba será cualificada con cero.

A Laracha, de setembro de 20...

Asdo:

PAI/NAI/TITOR-A LEGAL

ESTA INFORMACIÓN ASINADA DEBERÁ ESTAR NO CADERNO DO ALUMNO OU ALUMNA PARA A SÚA CONSULTA

LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º ESO: SÍNTESE DE ESTÁNDARES, PORCENTAXES E ACLARACIÓNS

ESTÁNDARES BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL, ESCOITAR E FALAR	<p>Escoita, comprende, interpreta, recolle e organiza ideas en resumos, esquemas..., sintetiza e aplica normas, aprende técnicas básicas da oratoria</p> <p>Produce textos adecuados ao contexto (incluídas as intervencións espontáneas), cinguese ao tema, avalía erros...</p>	10%	Indicador de logro: exposición oral sobre un tema acordado
ESTÁNDARES BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA, LER E ESCRIBIR	<p>Le, comprende, interpreta, recolle e organiza en esquemas e resumos.</p> <p>Distingue tema, subtemas, estrutura, interpreta e analiza o contido (intención, personaxes, sentimentos, reaccións, espazos, tempo...)</p> <p>Produce textos correctos e adecuados de distinto tipo</p> <p>Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe.</p>	10%	Indicador de logro: proba e ou traballo a partir de lectura de libro
ESTÁNDARES BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA	<p>Coñece e aplica regras que rexen aspectos de fonoloxía, morfoloxía, sintaxe e semántica do galego</p> <p>Escribe sen faltas de ortografía</p>	50%	Indicador de logro: proba escrita,
ESTÁNDARES BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE	<p>Coñece a diversidade lingüística, lusofonía, romanización, o contexto histórico e cultural do galego e compoñentes...</p> <p>Comprende e analiza a situación sociolingüística de Galiza.</p> <p>Coñece a lexislación relativa e rexeita prexuízos.</p> <p>Analiza a propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír á normalización da lingua galega.</p> <p>Coñece variantes diatópicas e diafásicas e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque.</p> <p>Recoñece os prexuízos derivados da diglosia e aprende a valorar a lingua propia e as alleas</p>	10%	Indicador de logro: proba escrita ou traballo de investigación

ESTÁNDARES BLOQUES: EDUCACIÓN LITERARIA	Le con regularidade e de forma guiada. Produce textos con intención literaria Diferencia os tres grandes xéneros, recoñece as súas características... Recoñece e utiliza os principais recursos literarios	20%	Indicador de logro: proba escrita Indicador de logro: traballo creativo
--	---	------------	--

* A porcentaxe aplicada aos estándares pode variar en función das circunstancias pero procurarase que oscile entre o que se indica.

* Pode presentárselle ao alumnado algunha actividade adicional para mellorar resultados. De facelo, informarase ao alumnado das condicións, características e peso na nota de trimestre.

*A corrección na produción de textos (orais e escritos), a comprensión, prexuízos lingüísticos... aínda que se avalían de forma específica nos bloques mencionados, serán avaliados de xeito continuo ao longo do curso.

*Para motivar a mellora nas faltas de ortografía, poderanse establecer ao longo do curso mecanismos de mellora.

* Tendo en conta a posible necesidade de aplicar medidas de atención á diversidade, en casos concretos, poderase variar esta previsión en función das circunstancias.

POR TRIMESTRE	1PUNTO: exposición oral 1 PUNTO: comprensión, interpretación e produción a partir da lectura de libro 7 PUNTOS: probas sobre a materia dada no trimestre (incluíndo preguntas sobre sociolingüística e tipos de texto). Pode haber 1 ou 2 en función das necesidades do alumnado 1 PUNTO: interese, participación, cumprimento de prazos, utilización da lingua de xeito habitual...
----------------------	---

LECTURAS E PELÍCULAS QUE SE TRABALLAN AO LONGO DO CURSO: A profesora indicará o título, forma de avaliar ou indicador de logro e porcentaxe de puntuación no trimestre.

ORIENTACIÓN DE DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS POR TRIMESTRES:

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
Fonemas. O alfabeto. A sílaba Acentuación básica e diacrítica O substantivo e o adxectivo	Signos de puntuación Ortografía (cont.) Os determinantes, pronome persoal, o verbo	Ortografía (cont.) Os adverbios, preposicións e conxuncións Modalidades oracionais (enunciativa...) Suxeito e predicado. Os complementos

Semántica Lingua e sociedade: diversidade lgca. As linguas na P. Ibérica Xéneros literarios: a narrativa Lecturas Comprensión e produción de textos Vocabulario	A oración Semántica Lingua e sociedade: os préstamos Xéneros literarios: A Lírica Lecturas Comprensión e produción de textos Vocabulario	Lingua e sociedade: Variedades lgcas. Estranxeirismos Xénero teatral Literatura, cine e música Lecturas Comprensión e produción de textos Vocabulario
--	--	---

RECUPERACIÓNS:

Para a recuperación de avaliacións cunha cualificación de insuficiente ou inferior, sempre que a actitude do alumno ou alumna sexa positiva, establécese o seguinte:

En xeral e dado que a avaliación ten vocación de continua, non será necesario realizar recuperacións (en forma de probas escritas) fragmentando a materia.

No entanto, a aquel alumnado que teña unha actitude positiva durante o curso e que seguindo estes criterios xerais non consiga unha cualificación positiva, a criterio da profesora, poderá ofrecérselle a posibilidade de presentarse a probas de recuperación.

Considerarase actitude positiva sempre que , como mínimo, se cumpra o seguinte:

- Asistencia regular a clase
- Presentación de tarefas, traballos... no prazo establecido.
- Presentación ás probas de materia na data establecida.
- Cooperación nas tarefas en equipo.
- Demostración activa de interese en superar carencias e mellorar resultados.
- Actitude respectuosa cara ás instalacións, profesorado e alumnado.
- Ausencia de partes de anoestación por condutas contrarias á convivencia.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Para a avaliación extraordinaria , ademais da proba obrigatoria, poderase contemplar a elaboración de actividades específicas de acordo coas necesidades do alumnado

Nota aclaratoria: Se un alumno ou alumna é sorprendido durante a realización dunha proba utilizando material impreso, audiovisual, informático etc., non autorizado, esta proba será cualificada con cero.

A Laracha, de setembro de 20

Asdo:
PAI/NAI/TITORES

ESTA INFORMACIÓN ASINADA DEBERÁ ESTAR NO CADERNO DO ALUMNO OU ALUMNA PARA A SÚA CONSULTA

LINGUA GALEGA E LITERATURA 3º ESO: SÍNTESE DE ESTÁNDARES, PORCENTAXES E ACLARACIÓNS

ESTÁNDARES BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL, ESCOITAR E FALAR	<p>Escoita, comprende, interpreta, recolle e organiza ideas en resumos, esquemas..., sintetiza e aplica normas que rexen a cortesía.</p> <p>Produce textos adecuados ao contexto (incluídas as intervencións espontáneas), cinguese ao tema, avalía erros... Segue instrucións</p>	10%	Indicador de logro: observación de intervencións persoais espontáneas e planificadas.
ESTÁNDARES BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA, LER E ESCRIBIR	<p>Le, comprende, interpreta, recolle e organiza.</p> <p>Distingue temas, subtemas, estrutura, interpreta e analiza o contido (intención, personaxes, sentimentos, reaccións, espazos, tempo...)</p> <p>Produce textos correctos e adecuados de distinto tipo. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe. Segue instrucións Aplica normas de ortografía.</p>	10%	Indicador de logro: proba e/ou traballo a partir de lectura de libro (con exposición de estándares e/ou rúbrica)
ESTÁNDARES BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA	<p>Coñece e aplica regras que rexen aspectos de morfoloxía, verbos, pronome, tipos de palabras, deícticos, tipos de oracións (interrogativas, asertivas...) ,compoñentes das palabras...,vocabulario amplo,...</p> <p>Recoñece erros/Recoñece e evita prexuizos Aplica normas de ortografía</p>	30%	Indicador de logro: proba escrita. Especificar estándares da proba. Unha ou dúas probas por trimestre.
ESTÁNDARES BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE	<p>Coñece a diversidade lingüística, características lingüísticas, o contexto histórico, cultural e lingüístico do galego e compoñentes (lusofonía, romanización, Idade Media, Séculos Escuros, Século XIX ...), etc.</p> <p>Comprende e analiza a situación sociolingüística de Galiza actual de doutras épocas.</p> <p>Coñece a lexislación relativa e rexeita prexuizos. Analiza a propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír á normalización da lingua galega.</p>	20%	Indicador de logro: pode ser nas probas e vídeos. Identificar estándares da proba Indicador de logro:traballo con rúbrica(presentación de diapositivas) 1º trimestre: A Idade Media 2º trimestre: Os Séculos Escuros 3º trimestre: O seculo XIX

	Coñece variantes diatópicas e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque. Identificas e coñece interferencias lingüísticas. Aplica normas de ortografía		
ESTÁNDARES BLOQUE 5: EDUCACIÓN LITERARIA	Le, comprende e comenta textos de diferentes etapas histórico-literarias e distingue os trazos característicos. Identifica os trazos característicos de textos literarios das etapas estudadas neste curso. Comenta textos literarios de distintas épocas axustados ao nivel de 3º ESO. Produce textos con intención literaria Aplica normas de ortografía	30%	Indicador de logro: proba escrita Identificar estándares da proba

* A porcentaxe aplicada aos estándares pode variar en función das circunstancias pero procurárase que oscile entre o que se indica.

* Pode presentárselle ao alumnado algunha actividade adicional para mellorar resultados. De facelo, serán informados das condicións, características e peso na nota de trimestre.

*A corrección na produción de textos (orais e escritos), a comprensión, prexuízos lingüísticos... aínda que se avalían de forma específica nos bloques mencionados, serán avaliados de xeito continuo ao longo do curso.

*Para motivar a mellora nas faltas de ortografía, poderanse establecer ao longo do curso mecanismos de mellora.

* Tendo en conta a posible necesidade de aplicar medidas de atención á diversidade, en casos concretos, poderase variar esta previsión en función das circunstancias.

POR TRIMESTRE	1 PUNTO: comprensión, interpretación e produción a partir da lectura de libros 1 PUNTO: traballos sobre contidos históricos, lingüísticos e literarios 1 PUNTO: utiklización do galego oral, entrega de todas as actividades en prazo e forma, traída de material, deberes, interese pola materia... 7 + +PUNTOS: probas sobre a materia dada no trimestre, exame, boletín de actividades ou similar. Pode heber unha ou dúas e poden combinarse
----------------------	--

LECTURAS: A profesora indicará o título, forma de avaliar ou indicador de logro e porcentaxe de puntuación no trimestre.

ORIENTACIÓN DE DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS POR TRIMESTRES:

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
Acentuación O substantivo e o adxectivo Constituíntes da palabra e tipos O galego como lingua románica O galego na Idade Media Literatura medieval. Cantiga de amigo Plurilingüismo, bilingüismo, diglosia, normalización Comprensión e produción de textos	Acentuación Os determinantes. O pronome Cantiga de amor, burlas, Santa María e prosa medieval O galego medio e os Séculos Escuros As linguas na P. Ibérica Comprensión e produción de textos	Acentuación O verbo Os adverbios, preposicións e conxuncións Interferencias. As linguas e as variedades O galego no Século XIX A literatura no Século XIX Comprensión e produción de textos

RECUPERACIÓNS:

Para a recuperación de avaliacións cunha cualificación de insuficiente ou inferior, sempre que a actitude do alumno ou alumna sexa positiva, establécese o seguinte:

En xeral e dado que a avaliación ten vocación de continua, non será necesario realizar recuperacións (en forma de probas escritas) fragmentando a materia.

Aínda así, a aquel alumnado que teña unha actitude positiva durante o curso e que seguindo estes criterios xerais non consiga unha cualificación positiva, a criterio da profesora, poderá ofrecérselle a posibilidade de presentarse a probas de recuperación.

Considerarase actitude positiva sempre que , como mínimo, se cumpra o seguinte:

- Asistencia regular a clase
- Presentación de tarefas, traballos... no prazo establecido.
- Presentación ás probas de materia na data establecida.
- Cooperación nas tarefas en equipo.
- Demostración activa de interese en superar carencias e mellorar resultados.
- Actitude respectuosa cara ás instalacións, profesorado e alumnado.
- Ausencia de partes de amoestación por condutas contrarias á convivencia.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

Para a avaliación extraordinaria , ademais da proba obrigatoria, poderase contemplar a elaboración de actividades específicas de acordo coas necesidades do alumnado

Nota aclaratoria: Se un alumno ou alumna é sorprendido durante a realización dunha proba utilizando material impreso, audiovisual, informático etc., non autorizado, esta proba será cualificada con cero.

A Laracha, de setembro de 20...

Asdo:

PAI/NAI/TITOR-A LEGAL

ESTA INFORMACIÓN ASINADA DEBERÁ ESTAR NO CADERNO DO ALUMNO OU ALUMNA PARA A SÚA CONSULTA

LINGUA GALEGA E LITERATURA 4º ESO: SÍNTESE DE ESTÁNDARES, PORCENTAXES E ACLARACIÓNS

ESTÁNDARES BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL, ESCOITAR E FALAR	<p>Escoita, comprende, interpreta, analiza e distingue a tese e os argumentos dos diferentes textos dos medios audiovisuais, publicitarios, do ámbito educativo ... Discrimina opinión de persuasión e recoñece e argumenta os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega.</p> <p>Produce textos adecuados á situación e intención comunicativa con coherencia, cohesión e corrección, reflexionando ante as mensaxes discriminatorias e aplicando as normas que rexen a cortesía na comunicación oral</p>	10%	Indicador de logro: exposición oral sobre un tema acordado
ESTÁNDARES BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA, LER E ESCRIBIR	<p>Le, comprende, interpreta, recolle e organiza en esquemas, resumos e mapas conceptuais</p> <p>Interpreta e analiza a intención comunicativa de textos argumentativos de diferente tipoloxía e distingue tema e subtema así como a estruturación da mensaxe.</p> <p>Detecta prexuízos ou mensaxes discriminatorias</p> <p>Coñece as regras ortográficas e morfosintácticas coas que produce textos correctos e adecuados, en soporte impreso ou dixital</p>	10%	Indicador de logro: proba e/ ou traballo a partir de lectura de libro
ESTÁNDARES BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA	<p>Coñece e aplica regras que rexen aspectos de fonoloxía, morfoloxía, sintaxe e semántica do galego</p> <p>Escribe sen faltas de ortografía</p>	30%	Indicador de logro: proba escrita,
ESTÁNDARES BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE	<p>Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona</p> <p>Describe con criterios sociolingüísticos a situación galega actual</p> <p>Coñece e describe a lexislación relativa á lingua e rexeita prexuízos.</p> <p>Analiza a propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír á normalización da lingua galega.</p> <p>Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega dende 1916 e produce textos expositivos sobre as diferentes etapas</p>	10%	Indicador de logro: proba escrita ou traballo de investigación

	Recoñece as variantes diastráticas, diafásicas e diatópicas e valora a lingua estándar como variedade unificadora		
ESTÁNDARES BLOQUES: EDUCACIÓN LITERARIA	Identifica e explica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade Le expresivamente e comenta de forma guiada ou libre textos de obras do período abranguido entre o 1916 e a actualidade. Elabora traballos individual e/ou colectivamente en que analiza e describe textos representativos da literatura do século XX Produce textos con intención literaria e utiliza os principais recursos retóricos	40%	Indicador de logro: proba escrita Indicador de logro: traballo creativo

* A porcentaxe aplicada aos estándares pode variar en función das circunstancias pero procurárase que oscile entre o que se indica.

* Pode presentárselle ao alumnado algunha actividade adicional para mellorar resultados. De facelo, informarase ao alumnado das condicións, características e peso na nota de trimestre.

*A corrección na produción de textos (orais e escritos), a comprensión, prexuízos lingüísticos... aínda que se avalían de forma específica nos bloques mencionados, serán avaliados de xeito continuo ao longo do curso.

*Para motivar a mellora nas faltas de ortografía, poderanse establecer ao longo do curso mecanismos de mellora.

* Tendo en conta a posible necesidade de aplicar medidas de atención á diversidade, en casos concretos, poderase variar esta previsión en función das circunstancias.

POR TRIMESTRE	1 PUNTO: exposición oral 1 PUNTO: control de lectura 7 PUNTOS: probas sobre a materia dada no trimestre (incluíndo preguntas sobre funcionamento da lingua e educación literaria). Pode haber 1 ou 2 en función das necesidades do alumnado 1 PUNTO: interese, participación, cumprimento de prazos, utilización da lingua de xeito habitual...
----------------------	--

LECTURAS QUE SE TRABALLAN AO LONGO DO CURSO: A profesora indicará o título, forma de avaliar ou indicador de logro e porcentaxe de puntuación no trimestre.

ORIENTACIÓN DE DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS POR TRIMESTRES:

<u>1º TRIMESTRE</u>	<u>2º TRIMESTRE</u>	<u>3º TRIMESTRE</u>
Acentuación Vocabulario Fonética Categorías gramaticais I Sintaxe Tipoloxías textuais I Lingua e sociedade Literatura no primeiro terzo do século XX. Grupo Nós. As vangardas. Comprensión e produción de textos	Ortografía Vocabulario Categorías gramaticais II Sintaxe Tipoloxía textuais II Lingua e sociedade Literatura do exilio. Narrativa de posguerra Comprensión e produción de textos	Ortografía (cont.) Os Vocabulario Categorías gramaticais III Sintaxe Tipoloxías textuais III Semántica Lingua e sociedade Narrativa de posguerra. Narrativa actual. Poesía e teatro actuais. Literatura dixital. Vocabulario

RECUPERACIÓNS:

Para a recuperación de avaliacións cunha cualificación de insuficiente ou inferior, sempre que a actitude do alumno ou alumna sexa positiva, establécese o seguinte:

En xeral e dado que a avaliación ten vocación de continua, non será necesario realizar recuperacións (en forma de probas escritas) fragmentando a materia.

No entanto, a aquel alumnado que teña unha actitude positiva durante o curso e que seguindo estes criterios xerais non consiga unha cualificación positiva, a criterio da profesora, poderá ofrecérselle a posibilidade de presentarse a probas de recuperación.

Considerarase actitude positiva sempre que , como mínimo, se cumpra o seguinte:

- Asistencia regular a clase
- Presentación de tarefas, traballos... no prazo establecido.
- Presentación ás probas de materia na data establecida.
- Cooperación nas tarefas en equipo.
- Demostración activa de interese en superar carencias e mellorar resultados.
- Actitude respectuosa cara ás instalacións, profesorado e alumnado.
- Ausencia de partes de anoestación por condutas contrarias á convivencia.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

Para a avaliación extraordinaria , ademais da proba obrigatoria, poderase contemplar a elaboración de actividades específicas de acordo coas necesidades do alumnado

Nota aclaratoria: Se un alumno ou alumna é sorprendido durante a realización dunha proba utilizando material impreso, audiovisual, informático etc., non autorizado, esta proba será cualificada con cero.

A Laracha, de setembro de 20...

Asdo:
PAI/NAI/TITORES

ESTA INFORMACIÓN ASINADA DEBERÁ ESTAR NO CADERNO DO ALUMNO OU ALUMNA PARA A SÚA CONSULTA

LINGUA GALEGA E LITERATURA 1º BACHARELATO: ESTÁNDARES, PORCENTAXES E ACLARACIÓNS

ESTÁNDARES BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL, ESCOITAR E FALAR	escoita, comprende, recolle e organiza ideas en resumos, esquemas..., sintetiza e aplica normas que rexen a cortesía. Produce textos adecuados ao contexto(tamén aplica normas de ortografía)	10% Indicador de logro: traballo
ESTÁNDARES BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA, LER E ESCRIBIR	Le, comprende, recolle e organiza en esquemas e resumos. Distingue tema, subtemas, estrutura, interpreta e analiza o contido (personaxes, sentimentos, reaccións, espazos, tempo...) Produce textos correctos e adecuados (tamén aplica normas de ortografía)	10% Indicador de logro: proba a partir de lectura de libro
ESTÁNDARES BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA	Coñece e aplica regras que rexen aspectos de morfoloxía, verbos, pronomes... ,compoñentes das palabras... Produce textos de distinta tipoloxía(tamén aplica normas de ortografía)	30%/40% (en función da materia dada por trimestre) Indicador de logro: proba escrita
ESTÁNDARES BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE	Coñece a diversidade lingüística, funcións, lusofonía, romanización, o contexto histórico e cultural do galego e compoñentes. (Tamén aplica normas de ortografía) Comprende a situación sociolingüística de Galiza. Trazos distintivos das distintas épocas.	10%/20%/30%(en función da materia dada por trimestre) Indicador de logro: proba escrita.
ESTÁNDARES BLOQUE 5: LITERATURA	Coñece trazos distintivos das distintas épocas literarias. Coñece trazos distintivos de tipos de textos literarios e autores e autoras ata o século XX. Analiza textos literarios de distintas épocas e autores e autoras. (Tamén aplica normas de ortografía)	30%/40%(en función da materia dada por trimestre) Indicador de logro: proba escrita.

* A porcentaxe aplicada aos estándares é xeral para todo o curso, pode variar en función das circunstancias, pero procurarase que oscile entre o que se indica. Especificarase en cada trimestre.

* Pode presentárselle ao alumnado algunha actividade adicional para mellorar resultados. De facelo, informarase ao alumnado das condicións, características e peso na nota de trimestre. Pode ser un libro de lectura voluntaria (ver títulos propostos no apartado **LECTURAS**)

*A corrección na produción de textos (orais e escritos), a comprensión, prexuízos lingüísticos... aínda que se avalían de forma específica nos bloques mencionados, serán avaliados de xeito continuo ao longo do curso.

*Para motivar a mellora nas faltas de ortografía, poderanse establecer ao longo do curso mecanismos de mellora.

* Tendo en conta a posible necesidade de aplicar medidas de atención á diversidade, en casos concretos, poderase variar esta previsión en función das circunstancias.

SIMPLIFICACIÓN DE Puntuación POR TRIMESTRE	1 PUNTO: traballo base escrita e exposición oral 1 PUNTO: proba a partir de libro de lectura 8 PUNTOS: proba ou probas a partir dos estándares dos bloques 3, 4, 5
---	--

LECTURAS : A profesora indicará o título, forma de avaliar ou indicador de logro e porcentaxe de puntuación no trimestre.

ORIENTACIÓN BÁSICA DE DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS POR TRIMESTRES:

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
Acentuación O nome: substantivo e adxectivo O pronome O galego como lingua románica Hª da lingua: a Idade Media Literatura: A literatura medieval. A cantiga de amigo. Comprensión e produción de textos	Acentuación Tipos de palabras e separación O verbo Un mundo de linguas Hª da lingua: Os Séculos Escuros Literatura: cantiga de amor, burlas, Santa María e prosa medieval.Séculos Escuros Comprensión e produción de textos	Acentuación As palabras adnominais Adverbios, preposicións e conxuncións Hª da lingua: O Rexurdimento Literatura: A literatura do Rexurdimento Comprensión e produción de textos

FALTAS DE ORTOGRAFÍA: A valoración por regra xeral, será a seguinte:

Contabilizarase 0,1 por cada falta grave, até un máximo de 2 puntos. Considéranse faltas graves: - Os tiles diacríticos. - As faltas b/v; h/0, maiúsculas ... - Os castelanismos sintácticos, léxicos ou semánticos.	Sinalaranse as faltas leves. Valorarase a evolución positiva e a cantidade. Considéranse faltas leves: - Resto dos tiles - Dialectalismos da zona
--	--

- Erros graves na utilización dos signos de puntuación que inflúan na comprensión do texto...	- A ortografía incorrecta de palabras moi cultas ou de moi pouco uso.
---	---

RECUPERACIÓNS:

Ao alumnado con cualificacións inferiores a 3,5 resultado da avaliación dos estándares dos bloques 3, 4 e 5 ou con menos de 5 na avaliación, presentaráselle opcións para lograr un resultado positivo.

Dado que se avalía a materia ao longo de todo o curso, será determinante a evolución e actitude positiva do alumnado durante o curso académico, sobre todo se fosen necesarias medidas excepcionais de recuperación

Considerarase actitude positiva sempre que , como mínimo,se cumpra o seguinte:

- Asistencia regular a clase
- Presentación de tarefas, traballos... no prazo establecido.
- Presentación ás probas de materia na data establecida.
- Cooperación nas tarefas en equipo.
- Demostración activa de interese en superar carencias e mellorar resultados.
- Actitude respectuosa cara ás instalacións, profesorado e alumnado.
- Ausencia de partes de anoestación por condutas contrarias á convivencia.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

Para a avaliación extraordinaria, ademais da proba obrigatoria, poderase contemplar a elaboración de actividades específicas de acordo coas necesidades do alumnado

Nota aclaratoria: Se un alumno ou alumna é sorprendido durante a realización dunha proba utilizando material impreso, audiovisual, informático etc., non autorizado, esta proba será cualificada con cero.

A Laracha, de setembro de 20...

Asdo:

PAI/NAI/TITOR/A LEGAL

LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º BACHARELATO: SÍNTESE DE ESTÁNDARES, PORCENTAXES E ACLARACIÓNS

ESTÁNDARES BLOQUE 1: COMUNICACIÓN ORAL, ESCOITAR E FALAR	<p>Escoita, comprende, interpreta, recolle e organiza ideas en resumos, esquemas..., sintetiza e aplica normas, aprende técnicas básicas da oratoria</p> <p>Produce textos adecuados ao contexto (incluídas as intervencións espontáneas), cinguese ao tema, avalía erros...</p> <p>Aprende as liñas básicas da argumentación e da defensa das opinións propias</p>	5%	Indicador de logro: exposición oral sobre un tema acordado
ESTÁNDARES BLOQUE 2: COMUNICACIÓN ESCRITA, LER E ESCRIBIR	<p>Le, comprende, interpreta, recolle e organiza en esquemas e resumos.</p> <p>Distingue tema, subtemas, estrutura, interpreta e analiza o contido (intención, personaxes, sentimentos, reaccións, espazos, tempo...)</p> <p>Produce textos correctos e adecuados de distinto tipo</p> <p>Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe.</p> <p>Identifica os diferentes tipos de textos, a súa organización e finalidade.</p> <p>Le obras literarias galegas representativas da súa época.</p>	15%	Indicador de logro: elaboración de textos críticos sobre temas de actualidade e probas escritas sobre as obras literarias propostas
ESTÁNDARES BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA	<p>Coñece e aplica regras que rexen aspectos de fonoloxía, morfoloxía, sintaxe e semántica do galego</p> <p>Escribe sen faltas de ortografía</p> <p>Identifica as interferencias lingüísticas, hiperenxebrismos, arcaísmos, castelanismos e vulgarismos da lingua</p>	30%	Indicador de logro: proba escrita,
ESTÁNDARES BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE	<p>Coñece a diversidade lingüística, lusofonía, romanización, o contexto histórico e cultural do galego e compoñentes...</p> <p>Comprende e analiza a situación sociolingüística de Galiza.</p> <p>Coñece a lexislación relativa e rexeita prexuízos.</p>	10%	Indicador de logro: traballo de investigación ou proba escrita

	<p>Analiza a propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír á normalización da lingua galega.</p> <p>Coñece variantes diatópicas, distráticas e diafásicas e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque.</p> <p>Recoñece os prexuízos derivados da diglosia e aprende a valorar a lingua propia e as alleas</p> <p>Coñece as diferentes etapas na creación, normativización e normalización da lingua galega</p>		
ESTÁNDARES BLOQUES: EDUCACIÓN LITERARIA	<p>Recoñece e utiliza os principais recursos literarios</p> <p>Analiza os diferentes períodos literarios dos séculos XX e XXI dentro de coordenadas históricas e sociais específicas</p>	40%	Indicador de logro: proba escrita

* A porcentaxe aplicada aos estándares pode variar en función das circunstancias pero procurárase que oscile entre o que se indica.

* Pode presentárselle ao alumnado algunha actividade adicional para mellorar resultados. De facelo, informarase ao alumnado das condicións, características e peso na nota de trimestre.

* A corrección na produción de textos (orais e escritos), a comprensión, prexuízos lingüísticos... aínda que se avalían de forma específica nos bloques mencionados, serán avaliados de xeito continuo ao longo do curso.

* Para motivar a mellora nas faltas de ortografía, poderanse establecer ao longo do curso mecanismos de mellora.

* Tendo en conta a posible necesidade de aplicar medidas de atención á diversidade, en casos concretos, poderase variar esta previsión en función das circunstancias.

DISTRIBUCIÓN DE PUNTUACIÓN POR TRIMESTRE:

<u>1º TRIMESTRE</u>	<u>2º TRIMESTRE</u>	<u>3º TRIMESTRE</u>
1 PUNTO : PROBA ORAL 3 PUNTOS: PROBAS DE LITERATURA 3 PUNTOS: PROBAS DE LINGUA 1 PUNTO: COMENTARIO CRÍTICO 2 PUNTOS :CONTROIS DE LECTURA	4 PUNTOS: PROBAS DE LITERATURA 3 PUNTOS: PROBAS DE LINGUA 1 PUNTO: COMENTARIO CRÍTICO 2 PUNTOS:CONTROIS DE LECTURA	4 PUNTOS: PROBAS DE LITERATURA 2 PUNTOS: PROBAS DE LINGUA 1 PUNTO: COMENTARIO CRÍTICO 2 PUNTOS: CONTROIS DE LECTURA 1 PUNTO TRABALLO SOCIOLINGÜÍSTICA

LECTURAS QUE SE TRABALLAN AO LONGO DO CURSO: A profesora indicará o título, forma de avaliar ou indicador de logro e porcentaxe de puntuación no trimestre.

ORIENTACIÓN DE DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS POR TRIMESTRES:

<u>1º TRIMESTRE</u>	<u>2º TRIMESTRE</u>	<u>3º TRIMESTRE</u>
O comentario crítico. Tipoloxía textual Fonética e Fonoloxía: sistemas vocálico e consonántico Acentuación Semántica Variedades diatópicas, diastráticas e ediafásicas: bloques dialectais, niveis, rexistros, xergas, subcódigos profesionais Cultismos grecolatinos Xeración das Irmandades Xeración Nós e vangardas	O comentario crítico Morfoloxía: o xénero e o número, os graos do adxectivo, pronomes tónicos e átonos, de interese e solidariedade, demostrativos e posesivos, conxugación verbal e perífrases... literatura no exilio Nova Poesía Nova Narrativa Teatro	O comentario crítico Análise sintáctica: oración composta coordinada e subordinada Sociolingüística e historia da lingua: diglosia, conflito lingüístico, ecoloxía lingüística, normativización e normalización, prexuízos lingüísticos, interferencias , elaboración do estándar... A literatura galega dos 80 e 90 e dos principios do século XXI: poesía, narrativa e teatro

RECUPERACIÓNS:

Ao alumnado con cualificacións inferiores a 3,5 resultado da avaliación dos estándares dos bloques 3, 4 e 5 ou con menos de 5 na avaliación, presentáraselle opcións para lograr un resultado positivo.

Dado que se avalía a materia ao longo de todo o curso, será determinante a evolución e actitude positiva do alumnado durante o curso académico, sobre todo se fosen necesarias medidas excepcionais de recuperación

Considerarase actitude positiva sempre que , como mínimo, se cumpra o seguinte:

- Asistencia regular a clase
- Presentación de tarefas, traballos... no prazo establecido.
- Presentación ás probas de materia na data establecida.
- Cooperación nas tarefas en equipo.

- Demostración activa de interese en superar carencias e mellorar resultados.
- Actitude respectuosa cara ás instalacións, profesorado e alumnado.
- Ausencia de partes de anoestación por condutas contrarias á convivencia.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

Para a avaliación extraordinaria , ademais da proba obrigatoria, poderase contemplar a elaboración de actividades específicas de acordo coas necesidades do alumnado

Nota aclaratoria: Se un alumno ou alumna é sorprendido durante a realización dunha proba utilizando material impreso, audiovisual, informático etc., non autorizado, esta proba será cualificada con cero.

A Laracha, de setembro de 20...

Asdo:

PAI/NAI/TITOR/A LEGAL

OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE COMPLETOS SERÁN EXPOSTOS NAS AULAS DOS NIVEIS CORRESPONDENTES E NA PÁXINA WEB DO INSTITUTO.

12.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Realización dunha avaliación inicial que posibilite unha sondaxe do nivel do alumnado na aula. A partir desta avaliación tomaranse as primeiras medidas de adaptación do programado.

Realización de probas ao alumnado coa súa posterior corrección segundo os criterios de avaliación expostos na programación didáctica da materia; a revisión das mesmas coa conveniente explicación e reflexión sobre os obxectivos acadados e aqueles que estaban previstos pero que non se lograron.

Este apartado servirá para realizar unha posterior revisión da profesora sobre a súa práctica docente que vaia encamiñada a optimizar os logros académicos na medida do posible.

Ao final de cada trimestre e antes de cada xunta de avaliación realizarase oralmente ou por escrito na aula unha reflexión individualizada e de grupo. Esta reflexión servirá para axustar medidas de mellora encamiñadas a acadar mellores resultados individuais, conseguir un mellor clima de cooperación, insistir en que o proceso de aprendizaxe conleva o compromiso de todos e todas...

Incidirase polo menos nos seguintes aspectos:

- Ao alumnado preguntáraselle se sabe ou entende o seu resultado en primeiro lugar e a súa opinión dos logros acadados no grupo en xeral.
- Solicitáraselle o seu parecer sobre o volume da materia impartida na avaliación –escaso, excesivo, adecuado- e se se axustou o tempo empregado para asimilar cada contido.
- Interesa tamén coñecer a súa opinión sobre se os logros se corresponden cos esforzos realizados por eles/elas.
- Falarase tamén da adecuación dos recursos empregados na práctica docente e solicitaráraselle propostas que sexan razoables para mellorar.

A docente poderá facer tamén oralmente a súa avaliación dos logros acadados na aula en xeral e polo alumnado, incidindo ademais na motivación e interese, os comportamentos disruptivos que puidese haber, o ambiente xeral da clase para impartir a materia, a ubicación do alumnado na aula,...

Estarán a disposición do profesorado de LG e Literatura as seguintes rúbricas de autoavaliación da práctica docente:

REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: PLANIFICACIÓN

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
PLANIFICACIÓN	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas		
	2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
	3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
	4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
	5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
	6. Establece os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
	7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidosafíns á súa materia.		

REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
	2. Propón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
	4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.		
	5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
	6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.		
	7. Promove a reflexión dos temas tratados.		

REXISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
DESENVOLVEMENTO DO ENSINO	1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
	2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
	3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesoramento dentro e fóra das clases.		
	4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.		
	6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.		
	7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.		
	8. Propón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		
	9. Propón actividades grupais e individuais.		

REGISTRO PARA A AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO: SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE	1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
	2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
	3. Revisa con frecuencia os traballos propostos na aula e fóra dela.		
	4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
	5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
	6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		
	7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		

	10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
	11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.		

13. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

13.1.- VÍAS PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES:

O departamento presenta varias vías para a recuperación de materias pendentes do curso anterior. Distinguimos entre ESO e BACHARELATO.

- Vías para a superación de materias pendentes (durante o curso) en BACHARELATO:

O alumnado coa materia pendente de 1º de Bacharelato poderá superala unicamente mediante probas:

Convocatoria de **febreiro**: de oferta obrigatoria e realización voluntaria. **A proba será da totalidade da materia**

Convocatoria de **maio**: de oferta e realización obrigatoria para aquel que continúe a ter a materia pendente. **A proba será da totalidade da materia**

- Vías para a superación de materias pendentes (durante o curso) na ESO:

Mediante probas:

Convocatoria de **febreiro**: de oferta obrigatoria e realización voluntaria. **A proba será da totalidade da materia**

Convocatoria de **maio**: de oferta e realización obrigatoria para aquel que continúe a ter a materia pendente. A proba será da totalidade da materia.

Superando as dúas primeiras avaliacións do curso actual ou o curso actual en xuño

Mediante a realización de actividades: de contidos mínimos e realización correcta, completa e con entrega nos prazos establecidos. A non entrega do primeiro bloque de actividades en prazo, entenderase como que non se acollen a esta vía.

Os prazos exactos serán comunicados ao alumnado implicado pero por regra xeral coincidirán co seguinte:

1ª bloque: coincidindo coa 1ª avaliación do curso.

2º bloque: coincidindo coa 2ª avaliación do curso.

O Departamento de Lingua e Literatura aconsella **a realización das actividades** que se entregarán voluntariamente ao alumnado de ESO que o solicite. A súa realización será **voluntaria**. As actividades propostas irán encamiñadas a facilitar a adquisición dos **contidos mínimos** do nivel a recuperar.

- Vías para a superación de materias pendentes na convocatoria extraordinaria

A única vía de superación da materia pendente tanto para a ESO como para BACHARELATO será mediante a proba extraordinaria oficial para todos os niveis.

13.2.- ATENCIÓN DE PENDENTES:

O Departamento de Lingua e Literatura ponse a disposición do alumnado coa materia pendente a través da profesora de referencia do curso actual. A profesora buscará o momento máis adecuado para atender ao alumnado que o requira.

Os alumnos e alumnas deberán asinar un escrito mediante o que acreditan coñecer os requisitos para aprobar as materias pendentes.

13.3.- PROCEDEMENTO PARA A INFORMACIÓN A ALUMNADO E PAIS/NAIS/TITORES-AS LEGAIS

Os pais/nais e/ou tutores/as legais serán informados da evolución académica dos seus fillos/as, a través dos boletíns das avaliacións do curso actual. Esta cualificación será polo menos, numérica, mais poderá ir acompañada dun informe do profesor/a de referencia.

O Departamento entregará ao alumnado coa materia pendente, entre outubro e principios de novembro, a seguinte información e documentación:

Criterios de avaliación de pendentes.

Actividades de pendentes, de ser requiridas polo propio alumnado.

Acuse de recibo que deberá ser asinado polo/a alumno/a coa materia pendente; e polo pai, nai ou titor/a legal. O documento será o seguinte:

Departamento de Lingua e Literatura

Curso académico 20...

O/A alumno/acoa(s) materia(s) pendente(s) de..... (nivel/ niveis)
foi informado/a polo/a seu/súa profesor/a actual....., sobre os requisitos para aprobar a(s) materia(s)
pendente(s).

Asinado:

A Laracha,de..... de 20...

O pai/nai/ titor/a legal do alumno/a coñece os requisitos para aprobar a materia(s) *pendente(s)* de Lingua Galega e Literatura.

Asinado:

A Laracha,..... de..... de 20...

14. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS ADOPTADAS COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial utilízase para detectar deficiencias de formación e coñecementos a nivel individual, e así poder establecer un modelo de actuación rápida e tamén para ter unha información básica do coñecemento instrumental básico que cada alumna ou alumno ten da materia, as súas fortalezas e debilidades, adaptado ao seu nivel. As xuntas de avaliación inicial de principio de curso serven para contrastar esta información parcial de cada materia e obter unha información máis completa e global de cada alumna ou alumno.

Será norma deste Departamento realizar unha valoración inicial que poderá incluír modalidade escrita e/ou oral.

O contido da mesma estará en relación cos coñecementos que se lle supoñen adquiridos ao alumnado que entra no nivel.

O departamento conta con modelos de actividades para avaliación inicial por niveis con anexo de autoavaliación. Estas serán entregadas para a súa realización polo alumnado a principio de curso. Non serán cualificadas numericamente e terán efectos meramente informativos.

Poderá recoller os seguintes aspectos adaptados ao curso:

Lectura

Ditado (nos primeiros cursos da ESO)

Comprensión oral e escrita

Produción de textos orais e escritos axustados a un contexto

Manexo de conceptos relativos á cultura, historia da lingua e da literatura galega

Manexo das normas básicas de ortografía e gramática

Actitude cara á materia

Nos primeiros cursos da ESO tamén se poderán incluír exercicios de busca de información (en papel ou non), manexo de dicionarios (en papel ou non) e manexo de ordenadores.

No caso de detectar problemas individuais ou colectivos tentarase facer una valoración das necesidades a ter en conta, que terán que ver con aspectos coma os seguintes:

A nivel individual consultarase os informes de cursos pasados de docentes e Orientación sobre problemas coma dislexias, dificultades de concentración, de comprensión lectora, de redacción ... que tentarán ser solventados co reforzo e apoio necesario na aula ou fóra dela. Os resultados da avaliación previa servirán de referencia para a adaptación do currículo ás esixencias de cada alumna ou alumno.

O alumnado con necesidades especiais terá un seguimento individual e un reforzo adaptado ás súas características.

O alumnado con altas capacidades terá una adaptación individualizada de acordo ao seu nivel de aprendizaxe.

A nivel colectivo realizaranse traballos e tarefas encamiñados a paliar problemas xerais como a mellora das técnicas de lecto-escritura, a elaboración de esquemas, o razoamento abstracto... dependendo dos resultados da avaliación no grupo.

15.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Se houber alumnos con necesidades educativas especiais incorporarase á programación a adopción das medidas que se establezan, logo de coordinar co Departamento de Orientación.

Á parte de medidas especiais propostas polo Departamento de Orientación, e tendo en conta os resultados da avaliación inicial, deseñaranse:

- Adaptacións curriculares.
- Actividades de reforzo para aqueles/as que teñan algunha dificultade.
- Actividades de ampliación para quen o precise.
- Tamén se terá en conta ao alumnado con altas capacidades, que terá un seguimento individualizado procurando ofrecerlle actividades estimulantes adaptadas ao seu nivel de aprendizaxe.
- En caso de ser necesario, tamén se terá en conta a posibilidade de establecer contratos condutuais.

Para que todas estas medidas queden recollidas e sexa fácil a súa difusión sobre todo entre as familias, o departamento deseñou o documento que se achega.

SEGUIMIENTO DO ALUMNADO CON NNEE:

a.- MEDIDAS DE REFORZO:

Os documentos que recollen as medidas de reforzo individualizadas postas en marcha custó dianse no Departamento de Orientación.

En xeral as medidas serán as seguintes:

- Seguimento individualizado durante o curso
- Probas adaptadas a cada necesidade específicas:
 - * Destacar as palabras clave
 - * Tamaño de letra axeitado
 - * Espazos en branco para respostas
 - * Máis tempo para a resolución das probas
 - * División das probas en partes
- Adaptación da metodoloxía :
 - * Lecturas específicas

- * Exercicios específicos

- Adaptación dos instrumentos avaliación:

- * Probas orais

- * Entrega de traballos individualizados

b.- ADAPTACIÓNS CURRICULARES:

Os documentos que recollen as AC individualizadas postas en marcha custóianse no Departamento de Orientación.

c.- ATENCIÓN A ALTAS CAPACIDADES:

Dado que se presenta alumnado con altas capacidades ou que roza as altas capacidades, o Departamento propón as seguintes medidas:

- Seguimento individualizado

- Proposta de actividades que poidan resultar estimulantes:

- * traballos de investigación

- * obradoiros literarios

- * traballos a partir de lectura de libros

- * propostas de participación en concursos

- * aprendizaxe cooperativa

- * exposición de traballos de investigación

- * proposta de traballos de creación literaria

- * material diverso para os mesmos contidos

- * diferentes formas de avaliar os mesmos contidos

d.- OUTRAS:

Para alumnado con circunstancias especiais poderase desañar un plan individualizado para a consecución de obxectivos.

e.- COORDINACIÓN

- Co Departamento de Orientación
- Coa dirección do centro
- Cos membros do departamento
- Cos Servizos Sociais do concello
- Coas familias
- Cos distintos especialistas que seguen a traxectoria do alumnado
- Cos servizos específicos da Consellería de Educación

16. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Unha das vertentes dos obxectivos xerais da área é o desenvolvemento do pensamento crítico do individuo que adquirirá a súa verdadeira dimensión se o contextualizamos na realidade da sociedade. Así pois trataremos os temas transversais primarios nos obxectivos básicos dentro da nosa área, sempre englobados no marco máis xeral de interdiscipliniedade. Estes temas básicos que estarán sempre presentes nas nosas aulas, independentemente daqueles que priorice no centro para cada curso son:

CL:Comprensión lectora

EOE:Expresión oral e escrita

CA:Comunicación audiovisual

TIC:Tecnoloxías da información e da comunicación

E:Emprendemento.

ECC:Educación cívica e constitucional

IEHM: Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres

PVX: Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade

PRPC. Prevención e resolución pacífica de conflitos

PI: Principio de igualdade de trato e non discriminatorio por calquera condición ou circunstancia persoal e social (valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.)

EEIE: Espírito emprendedor e a iniciativa empresarial

EV: Educación viaria

CONCRECIÓN PARA 1º e 2º de ESO

A materia de Lingua galega e Literatura é unha disciplina privilexiada para o traballo dos elementos transversais. Priman as actividades de comprensión lectora, a expresión oral e escrita, de comunicación audiovisual, coas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas imprescindibles para o proceso de ensino-aprendizaxe.

As actividades relacionadas co uso da lingua en sociedade e literatura son favorecedoras do emprendemento e a educación cívica. A igualdade efectiva entre as persoas e a non discriminación por calquera circunstancia social ou persoal ten os seus mecanismos de aprendizaxe nas mesmas estratexias da reflexión sociolingüística.

O coñecemento e a análise desta situación social da lingua e a literatura promoven a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

O currículo da materia de Lingua galega e Literatura procura a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Referímonos especialmente aos traballos colaborativos.

Estas mesmas actividades favorecen o desenvolvemento da convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía, que servirán para solucionar con éxito situacións de conflito no ámbito escolar, familiar e social en xeral, ao mesmo tempo que contribúen a exercitar destrezas e adquirir valores que tenden a previr e evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

CONCRECIÓN PARA 3º e 4º de ESO

A materia de Lingua galega e Literatura é unha disciplina privilexiada para o traballo dos elementos transversais. Prima as actividades de comprensión lectora, a expresión oral e escrita, de comunicación audiovisual, coas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas imprescindibles para o proceso de ensino-aprendizaxe.

As actividades relacionadas coa sociolingüística e a literatura son favorecedoras do emprendemento e a educación cívica. A igualdade efectiva entre as persoas e a non discriminación por calquera circunstancia social ou persoal ten os seus mecanismos de aprendizaxe nas mesmas estratexias da análise sociolingüística. Ademais, o propio deseño do libro de texto de Oxford de 3º de ESO que se usará como manual explicita actividades en relación cos criterios de avaliación e os indicadores de logro referidos á igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como á prevención da violencia de xénero ou resolución de conflitos.

O coñecemento e a análise da situación sociolingüística e das diferentes etapas da historia da lingua e da literatura promoven a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos. Como exemplos podemos poñer

os contidos curriculares e as actividades relacionadas coas etapas e obras literarias , desde o período medieval en que vemos a cantiga de amor e o rol desempeñado e a valoración social elevada da senhor na Provenza ou os símbolos amorosos e comportamentos masculinos e femininos na Cantiga de amigo. Tamén os autores e autoras da Ilustración e os precursores e membros do Rexurdimento Pleno, coas figuras de Curros, Pondal e Rosalía. Os textos sexistas de Pondal vannos servir para abrir un debate sobre os roles asignados aos homes e mulleres do S. XIX e a permisividade ou “comprensión” respecto a comportamentos como os que reflicte a poesía de Eduardo Pondal. Como contraste temos os textos de Rosalía (As literatas, o prólogo de Follas novas, ou os sucesos vitais como escritora nun mundo literario acaparado polos homes...) En particular, o estudo da traxectoria e da obra literaria da autora dos *Cantares gallegos* e o achegamento á sociedade e á literatura medievais facilitarán, por tanto, a reflexión sobre estereotipos que supoñen discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Favorécese tamén a visibilidade da realidade homosexual e todas aquelas opcións diferentes da convencional heterosexual.

Do mesmo xeito o currículo de 4º de ESO ofrece numerosos exemplos que posibilitan a concreción de moitos dos elementos transversais:

Comprensión lectora: o alumnado vai encontrar retos como o acercamento á poesía vangardista de Manuel Antonio.

Comunicación audiovisual, TICs e EOE: tanto se actúa de receptor, podendo exercitar a súa expresión oral e escrita, a través da realización dun texto de opinión crítica, un debate... (visionado e crítica de adaptacións cinematográficas de relatos como O xogo da guerra de Carlos Casares; como se actúa como emisor, realizando o seu propio produto audiovisual creativo como tarefa escolar).

PRPC e ECC: reflexionando, a través da literatura contemporánea e os propios períodos históricos en que se insire sobre a prevención pacífica dos conflitos e a importancia dos valores democráticos así como as graves consecuencias da súa transgresión (Literatura do exilio, da posguerra, NNG...)

A organización e o desenvolvemento curricular da materia de Lingua galega e Literatura procura a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Referímonos especialmente aos traballos en grupo, tanto de creación como comentario ou análise.

A través de moitas actividades da materia de Lingua (sirvan como mostra os mesmos exemplos de análise oracional, a lectura e análise ou debate de textos de diferentes tipoloxías e xéneros, os debates, a composición textual) podemos propiciar a interiorización de valores como o desenvolvemento da convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía na resolución de conflitos no ámbito escolar, familiar e social, contribuíndo, ao mesmo tempo, a exercitar destrezas e adquirir valores que tenden a previr e evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

CONCRECIÓN PARA 1º e 2º de BACHARELATO:

A materia de Lingua galega e Literatura é unha disciplina privilexiada para o traballo dos elementos transversais. Prima as actividades de comprensión lectora, a expresión oral e escrita, de comunicación audiovisual, coas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas imprescindibles para o proceso de ensino-aprendizaxe.

As actividades relacionadas coa sociolingüística e a literatura son favorecedoras do emprendemento e a educación cívica. A igualdade efectiva entre as persoas e a non discriminación por calquera circunstancia social ou persoal ten os seus mecanismos de aprendizaxe nas mesmas estratexias da análise sociolingüística. Ademais, o propio deseño do libro de texto do Consorcio Editorial Galego para 1º de Bacharelato que se usará como libro de texto explicita actividades en relación cos criterios de avaliación e os indicadores de logro referidos á igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como á prevención da violencia de xénero.

O coñecemento e a análise da situación sociolingüística e das diferentes etapas da historia da lingua e da literatura promoven a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos. Como exemplos sobranceiros podemos poñer os contidos curriculares e as actividades relacionadas coas obras literarias dos autores e autoras da Ilustración, dos precursores do Rexurdimento e coas figuras de Curros, Pondal e Rosalía, Castelao, Otero Pedrayo, Manuel Antonio, Cunqueiro, Novoneyra, Xohana Torres, Ferrín, Casares, M^{ra} Xosé Queizán, Manuel Rivas, Iolanda Castaño, Olga Novo, Séchu Sende... .

En 1º de bacharelato, en particular, o estudo da traxectoria e da obra literaria da autora dos *Cantares gallegos* e o achegamento á sociedade e á literatura medievais facilitarán, por exemplo, a reflexión sobre estereotipos que supoñen discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Favorécese así a visibilidade da realidade homosexual e todas aquelas opcións diferentes da convencional heterosexual. En 2º de bacharelato podemos escoller entre un abano amplísimo de autores e autoras que nos permiten introducir a totalidade dos contidos transversais, utilizando, por exemplo, a vivencia literaria e cinematográfica ou as novas tecnoloxías, e a partir destes medios exercitar a capacidade crítica, a sensibilidade fronte o produto artístico, a expresión oral e escrita do noso alumnado.

A organización e o desenvolvemento curricular da materia de Lingua galega e Literatura procura a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Referímonos especialmente aos traballos en grupo.

Estas mesmas actividades favorecen o desenvolvemento da convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía, que servirán para solucionar con éxito situacións de conflito no ámbito escolar, familiar e social en xeral, ao mesmo tempo que contribúen a exercitar destrezas e adquirir valores que tenden a previr e evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

ACTIVIDADES NO CENTRO:

Ao redactarse esta programación antes da reunión de Seminario en que se decide e toma acta das actividades, tanto complementarias coma extraescolares, que se van realizar durante o curso académico 2018-19, só podemos ofrecer información xeral. A concreción destas actividades reflectirase na correspondente acta do seminario á que remitimos para obter información concreta sobre este apartado.

Con carácter xeral, o Departamento acostuma sumarse a todas as actividades que conmemoren eventos de interese relacionados coa materia de LG e Literatura, como pode ser a celebración do Día das Letras Galegas.

Outras actividades:

Recitais poéticos, conferencias, espectáculos teatrais, exposicións...

Concurso Dores Xestoso

Concurso de relato oral (fase I de centro; no “Tíralle da lingua”).

Actividades de animación á lectura, cunha actividade específica relacionada coa BE

Actividades plurilingües (coa colaboración da Biblioteca e os Departamentos das diferentes linguas do currículo)

ACTIVIDADES FÓRA DO CENTRO:

Con carácter orientativo mantemos as actividades que se programaron o curso pasado, a pesar de que non todas se puideron realizar
Participación no CORRELINGUA, na Coruña.

Concurso do relato oral “Tíralle da lingua”; fase II, en Santiago.

Visionado dalgún espectáculo teatral ou calquera outra actividade cultural que o departamento considere conveniente para un determinado nivel educativo, que poida xurdir durante o curso.

Roteiros literarios, aínda por determinar, distribuídos ao longo do ano en relación cos clásicos da literatura galega: Pondal, Rosalía, Castelao, Blanco-Amor, Cunqueiro ...

Roteiro botánico-lingüístico polo río Anllóns en colaboración co departamento de Bioloxía.

Viaxe a Portugal ou encontro con alumnado portugués.

18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e de cualificación serán avaliados unha vez ao mes. Comprobaremos se os materiais e os recursos utilizados son os adecuados, e en caso de observar algunha deficiencia ou inadaptación, ofertaremos novos procedementos que poidan ser máis eficientes.

Creemos que a nosa relación co alumnado, o intercambio de opinións ou valoracións pode resultar enriquecedor. Neste punto o proceso de autoavaliación por parte do profesorado será unha constante, reflexionando sobre a adecuación dos obxectivos didácticos e a selección de contidos, a pertinencia das actividades propostas, a secuenciación seguida na súa realización, a adecuación dos materiais empregados, o nivel axeitado de interacción entre o alumnado e o clima comunicativo que se establece na aula.

Asimesmo farase unha análise cualitativa dos resultados obtidos e tomaranse decisións que poden afectar á programación establecida. Calquera cambio substancial farase constar en acta.

A avaliación concretarase nos seguintes criterios:

Coordinación entre o profesorado do Departamento didáctico.

Posta en práctica dos acordos asumidos.

Validez dos acordos para resolver problemas e necesidades.

Aparición de problemas ou necesidades non previstas que esixan ser consideradas.

Validez dos acordos para alcanzar os obxectivos establecidos.

Adecuación da temporalización marcada para as unidades didácticas.

Adecuación da organización da aula e das actividades para a adquisición das capacidades establecidas.

Validez dos criterios de avaliación para guiar o proceso de avaliación.

Validez dos instrumentos de avaliación.

Análise trimestral da programación que se recollerá na acta correspondente

Ao finalizar o curso ponderarase o resultado, farase unha análise cualitativa dos resultados e realizarase unha toma de decisións para a posible revisión da programación didáctica do curso seguinte.

Recollida de propostas exitosas do curso anterior.

19. LECTURAS: CRITERIOS DE SELECCIÓN E OBXECTIVOS

19.1.-CRITERIOS DE SELECCIÓN:

O procedemento que realiza o Departamento de Lingua Galega e Literatura para a selección das lecturas baséase na adecuación dos títulos con respecto a aplicación de criterios didácticos en que se inclúen os seguintes aspectos:

Adecuación á franxa de idade e curso (temas de interese e tratamento acorde)

Interese educativo:

Promoción e defensa dos valores humanos e democráticos, neste sentido, as lecturas seleccionadas abordan por exemplo: os dereitos da infancia, o valor das liberdades, a igualdade de dereitos, a non discriminación por razón de raza, relixión, orixe, sexo ..., a intolerancia, o amor, a amizade, a honestidade, o acoso escolar...

Coherencia cos contidos transversais do currículo:

CL:Comprensión lectora

EOE:Expresión oral e escrita

CA:Comunicación audiovisual

TIC:Tecnoloxías da información e da comunicación

E:Emprendemento.

ECC:Educación cívica e constitucional

IEHM: Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres

PVX: Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade

PRPC. Prevención e resolución pacífica de conflitos

PI: Principio de igualdade de trato e non discriminatorio por calquera condición ou circunstancia persoal e social (valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.)

Coherencia coas competencias clave do currículo:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

	2. Entender a formación das palabras e os procedementos que se utilizan para ela	2.1. Segmenta en constituíntes mínimas identificándoas as compoñentes de determinadas palabras 2.2. Analiza os cambios semánticos que sufriron determinadas palabras	CCL, CAA, CD

		2.3 Identifica os prefixos e sufixos grecolatinos que se utilizan na formación do léxico do galego	
--	--	--	--

10.- A LITERATURA GALEGA do século XX e principios do XXI

<p>- Periodización da literatura galega.</p> <p>- A literatura galega no século XX e principios do XXI</p> <p>- A Xeración das Irmandades</p> <p>- As vangardas de principios de século</p> <p>- A Xeración Nós</p>	<p>1. Entender o concepto de «período literario» e coñecer os períodos e movementos da nosa literatura.</p>	<p>1.1. Define "literatura" e "texto literario", caracteriza os diferentes xéneros e analiza os seus principais recursos formais e describe a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.</p>	<p>CCL, CAA, CD</p>
		<p>1.2. Compara textos de diferentes xéneros, caracterizándoos a partir dos seus trazos formais e estruturais definitorios.</p>	<p>CCL, CAA, CD</p>

<p>- A literatura do exilio</p> <p>- Literatura despois da Guerra Civil: lírica, prosa e teatro</p> <p>- Nova Narrativa, Nova Poesía e Novo Teatro</p> <p>- Literatura dos anos 80, 90 e principios do século XXI: poesía, narrativa e teatro</p>		1.3. Adscribe á súa época autores/as e textos destacados da historia da literatura galega.	CCL, CAA, CD
	2. Coñecer o contexto histórico, social e cultural no que xurdiu a literatura do século XX	2.1. Analiza o contexto histórico (sociedade, economía, cultura) no que se desenvolveu a literatura galega do século XX	CCL, CAA, CD
		2.2 Identifica e analiza diferentes textos desta época	
	3. Coñecer o contexto histórico, social e cultural no que xurdiu a literatura de principios do século XXI	3.1. . Analiza o contexto histórico (sociedade, economía, cultura) no que se desenvolveu a literatura galega de principios do século XXI	CCL, CAA, CD
		3.2. Identifica e analiza diferentes textos desta época	

	4. Coñecer a metodoloxía que hai que seguir para analizar o contido dun texto literario	4.1. Interpreta e comenta o contido dun texto literario: resumo e tema	CCL, CAA, CD
	5. Utilizar con corrección ortográfica, gramatical, léxica e textual a lingua.	5.1. Exprésate oralmente e por escrito de forma correcta e adecuada.	CCL, CAA, CSIEE
	6. Utilizar fontes de información impresas ou dixitais no proceso de aprendizaxe.	6.1. Emprega diferentes fontes de información para ampliar coñecementos, resolver dúbidas e avanzar na aprendizaxe autónoma.	CCL, CAA, CSIEE
	7. Analizar un texto a partir dunhas pautas dadas. O comentario crítico e a creación de pautas para establecer argumentos	7.1. Comprende un texto, resume o contido, establece o tema, analiza a estrutura, elabora un comentario crítico e analízao lingüisticamente.	CCL, CAA, CSIEE

ANEXO II

LINGUA PORTUGUESA

CURSO 2021-22

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.....	360
2. Obxectivos e contidos (1º,2º,3º,4ºESO)+ Temporalización (1º,3ºESO)	360
1ºESO LP.....	381
2ºESO LP.....	402
3ºESO LP.....	426
4ºESO LP.....	437
3. Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	440
4. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	441
5. Concrecións metodolóxicas.....	441
6. Materiais e recursos didácticos	443
7. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	449
8. Actividades.....	449
9. Medidas de atención á diversidade.....	449
10. Tratamento dos elementos transversais.....	453
11. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente	as recollidas para a programación de lingua galega e literatura.
12. Deseño da avaliación inicial.....	séguense as directrices recollidas para Lingua e Literatura Galega
13. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	as recollidas para a programación de lingua galega e literatura.
14. Mecanismos de revisión e avaliación da programación... as recollidas para a programación de lingua galega e literatura.	
15. Plan Lector.....	453

LINGUA PORTUGUESA

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación axústase aos requirimentos legislativos da LOMCE (DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia).

Neste curso 2017-18, contamos con un grupo de 1º de ESO e outro de 3º de ESO. Incluímos o currículo de toda a ESO por tratarse de bloques de nivel A1 (1º e 2º ESO) e A2 (3º e 4º ESO) respectivamente. Por outra parte, o programa de 2º de ESO serviranos de referencia no inicio de curso para o alumnado de 3º, tal e como se verá na programación de aula.

Aparecen as temporalizacións, coa programación de aula nos cursos de 1º de ESO, 2º de ESO e 3º de ESO (a programación de aula ou temporalización de 4º de ESO non aparece por non contarmos con grupo de 4º de ESO).

As bondades do ensino do portugués na Galiza

O coñecemento do portugués inflúe na valorización positiva do galego e reforza a aprendizaxe do noso idioma e da súa historia, contribuíndo a depuralo de castelanismos. Non podemos esquecer, por outra parte, o forte vínculo que supón a base común do tronco lingüístico galego-portugués, tanto no referente á Lingua como á Literatura, Historia, e Cultura, factores todos eles que nos unen ao que constitúe actualmente a Lusofonía.

A proximidade física do territorio portugués favorece a práctica e o uso da lingua que se vai estudar nas aulas.

O dominio da Lingua Portuguesa acrecenta as saídas laborais do noso alumnado sobre todo pola proximidade de Portugal.

Cada vez son máis as empresas ou particulares de Galicia que traballan en Portugal, ou para o país veciño, e demandan profesionais coñecedores do seu idioma. Tamén o Eixo Atlántico e a creación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal contribúen a aumentar as relacións institucionais e de todo tipo entre os dous lados fronteirizos. Así, o alumnado galego é o mellor posicionado da UE para aprender portugués dada a súa proximidade territorial e lingüística. En pouco tempo pode acadar un nivel óptimo de portugués, polo que se constitúe nunha materia atractiva e útil para o alumnado e para o conxunto da sociedade galega.

O dominio da Lingua Portuguesa acrecenta as saídas laborais no Brasil, potencia emerxente que concentra 200 millóns de falantes.

O portugués é lingua de traballo da UE, do Mercosul, da OEA e a Unión Latinaentre outros organismos supra-estatais.

O portugués fálano uns 220 millóns de persoas en catro dos cinco continentes (Europa, América, África, Asia) .

Estáselle, daquela, a ofertar ao alumnado unha aprendizaxe moi útil para a súa vida de relación humana, cultural e laboral.

Características básicas da programación

Trátase dunha programación de carácter elemental (niveis A1: 1 e 2º de ESO e niveis A2: 3º e 4º de ESO), axustada aos contidos elementais da lingua para atinxir un nivel básico de oralidade e escrita en situacións cotiás da vida.

Ao tempo, faise un achegamento á cultura da Lusofonía, tendo en conta as diferentes variedades e a pluralidade de comunidades e países que a integran. Este aspecto irá en aumento nos sucesivos cursos.

A metodoloxía será activa e de enfoque comunicativo, tratando de dar peso á oralidade e ás audicións, isto é, as competencias de expresión e comprensión oral, utilizando todas as ferramentas ao noso alcance (audicións reais e de manuais, material audiovisual, Internet, simulación de situacións da vida real...) e tendo en conta as competencias clave que deben ser acadadas. Obviamente as competencias de expresión e comprensión escrita serán atendidas a través dos recursos didácticos ao noso alcance (libro de texto, textos da rede, lecturas, actividades escritas...)

O plurilingüismo e a interculturalidade no proceso formativo global en linguas.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o alumnado realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas, ou identificar termos emparentados en todas as linguas (en maior medida no caso do

portugués), senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra parte, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Daquela, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que cómpre desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario/a competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz de ambas as linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

O dito anteriormente converte o portugués nunha vía estimable de eliminación de prexuízos arredor do galego, favorecida polo posicionamento deste como unha das linguas maioritarias no contexto internacional (arredor de 200 millóns de falantes estendidos por todo o planeta), e conferíndolle, xa que logo, como se diría na lingua irmá unha “mais valia” á lingua galega que reforce a súa utilidade e estatus.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de

dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Para a posta en práctica destes currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado é un elemento determinante, xa que deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. A finalidade é construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as de linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Daquela, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para se desenvolver satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

As materias lingüísticas, e dentro delas, as linguas estranxeiras, perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de **Segunda Lingua Estranxeira** está organizada en **cinco bloques** que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da **competencia lingüística comunicativa** dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

2. OBXECTIVOS E CONTIDOS

Lingua Portuguesa 1º ESO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Comprensión de textos orais			
a c d i	B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.	B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	CCL CD CAA CCEC
		B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a	SLEB1.2. Comprende frases e expresións	

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Identificación de palabras clave. Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescutando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).</p>	<p>quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p> <p>B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.</p>	<p>habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.</p> <p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>	<p>CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>
	Bloque 2. Producción de textos orais			
a c d i	<p>B2.1. Estratexias de produción: Planificación: Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa Execución: Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou as ideas principais, e a súa estrutura básica. Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente</p>	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi</p>	<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA</p>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>asimilados e memorizados.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade, coherencia básica e estrutura adecuada, e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos disponibles.</p> <p>Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos</p> <p>Lingüísticos:</p> <p>Modificación de palabras de significado parecido.</p> <p>Definición ou paráfrase dun termo ou expresión.</p> <p>Uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta.</p> <p>Petición de axuda.</p> <p>Paralingüísticos:</p> <p>Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p> <p>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc) de valor comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de</p>	<p>sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	<p>habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p> <p>SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC</p>

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	comunicación (chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda, etc.), igualmente cotiás e moi básicas.			
Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
a c d i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.</p> <p>B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.</p>	SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	CCL CAA CCEC CD
			SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.	CCL CAA CCEC
			SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiás e propios da súa idade.	CCL CAA CCEC
			SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.	CCL CAA CCEC CD
Bloque 4. Producción de textos escritos				
a c d	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias</p>	B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.	SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións	CCL CAA CCEC

Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i	<p>competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade, axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "paréceme ben", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p>	<p>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).</p> <p>SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.</p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p> <p>CCL CAA CCEC CD</p>

Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe			
a c d i o	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos. Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos máis básicos. Acento tónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades</p>	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.</p> <p>B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p>	<p>SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo: Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas: Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias. Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios. Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a:</p>			

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e cuidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>			

Contidos sintáctico-discursivos para 1º de ESO (Lingua portuguesa):

Portugués
<p>Expresión de relacións lóxicas: adición (<i>e, nem</i>); <i>disxunción (ou)</i>; <i>oposición/contraste (mas)</i>; causa (<i>porque</i>); comparación (<i>mais/menos/ tão + Adj./Adv. + (do) que/ como /quanto; maior / mais pequeno...</i>).</p> <p>Relacións temporais (<i>antes, agora, depois</i>).</p> <p>Afirmación (<i>sentenzas declarativas afirmativas</i>).</p> <p>Exclamación (formas elípticas: <i>Que (+ Subst.) + Adj.</i>, p. ex. <i>Que dia lindo!</i>; <i>Que gentil!</i>).</p> <p>Negación (<i>sentenzas declarativas negativas con não, nunca</i>).</p> <p>Interrogación (<i>sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU-</i> (p. ex., <i>Quem fez o quê? Para que é isso?</i>).</p> <p>Expresión do tempo: pasado (<i>perfeito simples</i>); presente (<i>presente</i>).</p> <p>Expresión do aspecto: durativo (<i>estar a + Inf.</i>)</p> <p>Expresión da modalidade: factualidade (<i>frases declarativas</i>); permiso (<i>poder + Inf.</i>; <i>ser possível/permitido + Inf.</i>); intención (<i>pensar + Inf.</i>; <i>querer + Inf.</i>).</p> <p>Expresión da existencia (p. ex., <i>ser, estar, haver/ter</i>); a entidade (<i>substantivos contables/incontables</i>); pronomes (<i>tónicos</i>); determinantes.</p> <p>Expresión da cantidade (<i>singular/plural; numerais cardinais e ordinais</i>).</p> <p>Expresión do espazo (<i>preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia</i>).</p> <p>Expresión do tempo (<i>expresións, preposicións, adverbios e locucións de tempo (momento puntual (p. ex. em 1999), divisións (p. ex., días, meses) e indicacións (p. ex., atrás, cedo, tarde) de tempo; anterioridade (ontem); posterioridade (depois, logo)</i>).</p>

Portugués

Expresión do modo (expresións, preposicións, adverbios e locucións prepositivas e adverbiais de modo, p. ex., *devagar, pior*).

2. (cont.) TEMPORALIZACIÓN Lingua Portuguesa 1º ESO*

Nota:

Esta temporalización ten en conta a secuenciación de contidos do manual de referencia:

- Livro do aluno Português XXI 1, nivel A1: temas 1 a 6.
- Material audiovisual e impreso complementario que figura nos recursos.

TEMPORALIZACIÓN 1º ESO*

PRIMEIRO TRIMESTRE		
SEMANAS	DÍAS	CONTIDOS
1ª	16 e 18 de setembro	B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 4 B5.1, 2, 4 Tema 1 libro de texto + material audiovisual e impreso complementario: presentarse, morada, afeccións... Verbos: chamar-se, ser, morar, falar (pres. indicativo) Sons específicos (sibilantes sonoras e xordas). Peculiaridades ortográficas . Frases afirmativas

2ª	23 e 25 de setembro	<p>B1.2, 3, 4, B2.1, 3, 2, 4 B5.1, 2, 3, 4</p> <p>Tema 1 libro texto+ material audiovisual e impreso complementario: convencións sociais (saúdos, tratamento) da escola e vocabulario de elementos da aula. Verbos: ser, estar, haver (pres. indicativo) Alfabeto. Outros sons do portugués. Peculiaridades ortográficas . Frases afirmativas. Introdución á lusofonía.</p>
3ª	30 de setembro e 2 de outubro	<p>B1.2, 3, 4, B2.1, 3, 2, 4 B3.1, 2 B4.1, 2, 3, 4 B5.1, 2, 3, 4</p> <p>Tema 1 libro texto+ material audiovisual e impreso complementario: algunhas profesións, números (até o 20) Sons do portugués (b/v/f) Frases afirmativas, negativas.</p>
4ª	7 e 9 de outubro	<p>B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 4 B2.3 B3.1, 2, 3 B4.2 B5.1, 2, 3, 4</p> <p>Tema 1 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario: nacionalidades, países, cidades. Adxectivos, preposicións (de, em). Frases afirmativas, negativas e interrogativas.</p>
5ª	14 e 16 de outubro	<p>B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 3, 4 B3.1, 2, 3, 4 B4.3,4 B5.1, 2, 3, 4</p> <p>Tema 1 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario:</p>

		Revisión do tema 1.
6ª	21 e 23 de outubro	B1.2, 3, 4, B2.1, 3, 2, 4 B3.1, 2, 3, 4 B4.3 B5.1, 2, 3, 4 Tema 2 libro de texto+ material audiovisual complementario: A cidade e os seus elementos (lojas). Verbos: ser, estar, haver.(pres. indicativo) Locucións de lugar, demostrativos e preposicións. Frases afirmativas, negativas e interrogativas.
7ª	28 e 30 de outubro	B1.2, 3, 4, B2.1,2 ,3, 4 B3.1, 2, 3, 4 B 4.3. 4 B5.1, 2, 3, 4 Tema 2 libro de texto+ material impreso e audiovisual complementario: Acasa.MobiliarioPreposicións.Adx
8ª	4 e 6 de novembro	B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 4 B2.3 B3.1, 2, 3, 4 B 4.3. 4 B5.1, 2, 3, 4 Tema 2 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario: Hotel. Vacacións. Verbos en indicativo (pasado)
9ª	11 e 13 de novembro	B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 4 B2.3 B5.1, 2, 3, 4 Tema 2 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario:

		As compras (roupa, alimentos...). Adxectivos, substantivos. Estruturas coloquiais do contexto.
10 ^a	18 e 20 de novembro	B1.2, 3, 4, B2.1, 2,3, 4 B3.1, 2, 3, 4 B 4.3. 4 B5.1, 2, 3, 4 Tema 2 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario: Números até o 100. Repaso Tema 2
11 ^a	25 e 27 de novembro	B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 3, 4 B3.1, 2, 3, 4 B 4.3. 4 B5.1, 2, 3, 4 Material audiovisual e impreso complementario: Aspectos culturais da cultura portuguesa: a música tradicional e a contemporánea. Búsqueda de información e comunicación na aula.
12 ^a	2 e 4 de decembro	B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 3, 4 B3.1, 2, 3, 4 B 4.3. 4 B5.1, 2, 3, 4 Material audiovisual complementario: Aspectos culturais da cultura portuguesa: a música tradicional e a contemporánea. Búsqueda de información e comunicación na aula. Lectura de textos breves.
13 ^a	9 e 11 de decembro	B1.2, 3, 4, B2.1, 2,3, 4 B3.1, 2, 3, 4 B 4.3. 4 B5.1, 2, 3, 4

		Actividades de ampliación e consolidación. Lecturas breves literarias, frases feitas relacionadas cos temas 1 e 2.
14ª	16 e 18 de decembro	B1.2, 3, 4, B2.1, 2,3, 4 B3.1, 2, 3, 4 B4.4 B5.1, 2, 3, 4 Actividades relacionadas co Nadal: costumes nos países lusófonos , culinaria...

SEGUNDO TRIMESTRE		
SEMANAS	DÍAS	CONTIDOS
1ª	7 e 8 de xaneiro (só 1 día)	B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 4 B5.1, 2, 4 Tema 3 do libro de texto + material audiovisual e impreso complementario: preguntar, pedir nas tendas, cafés ... Verbos: regulares e reflexivos (pres. indicativo) Preposicións e adverbios de tempo Frases interrogativas (...). Horas, partes do día. Días da semana. Queria... Ementa. Comidas e bebidas
2ª	13 e 15 de xaneiro	B1.2, 3, 4, B2.1, 3, 2, 4 B5.1, 2, 3, 4 Tema 3 libro texto+ material audiovisual e impreso complementario: Falar de accións da vida cotiá e aquelas que ocorren no momento. Pedir, preguntar na papelaría

		Verbos: estar a+ infinitivo. Números do 101 ao 1000.
3ª	20 e 22 de xaneiro	B1.2, 3, 4, B2.1, 3, 2, 4 B3.1, 2 B4.1, 2, 3, 4 B5.1, 2, 3, 4 Tema 3 libro texto+ material audiovisual e impreso complementario: Ampliación e afirmación dos contidos vistos nas semanas anteriores. Expresar preferencia Frases interrogativas.
4ª	27 e 29 de xaneiro	B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 4 B2.3 B3.1, 2, 3 B4.2 B5.1, 2, 3, 4 Tema 3 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario: Adxectivos, preposicións e adverbios de tempo e lugar. Frases afirmativas, negativas e interrogativas. Comidas e bebidas das distintas partes da lusofonía.
5ª	3 e 5 de febreiro	B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 4 B2.3 B3.1, 2,3, 4 B4.3,4 B5.1, 2, 3, 4 Tema 3 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario: Traballos breves complementarios e presentación na aula relacionados coas comidas e bebidas de distintos lugares.
6ª	10 e 12 de febreiro	B1.2, 3, 4,

		<p>B2.1, 3, 2, 4 B3.1, 2,3, 4 B4.3 B5.1, 2, 3, 4 Tema 3 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario: Recetas de cociña e frases feitas con alimentos ou comidas (por exemplo: comer muito queijo...) Frases afirmativas, negativas e interrogativas.</p>
7ª	17 e 19 de febreiro	<p>B1.2, 3, 4, B2.1,2 ,3, 4 B3.1, 2, 3, 4 B 4.3. 4 B5.1, 2, 3, 4 Tema 3 libro (ampliación) de texto+ material audiovisual e impreso complementario: Búsqueda dunha receita de cociña e presentación na aula.</p>
8ª	24 e 26 de febreiro	<p>B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 4 B2.3 B3.1, 2, 3, 4 B 4.3. 4 B5.1, 2, 3, 4 Tema 4 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario: Accións do día Verbos: convidar, aceptar, rexeitar... Actividades do tempo libre: viaxes... Países, cidades.</p>
9ª	2 e 4 de marzo	<p>B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 4 B2.3 B5.1, 2, 3, 4 Tema 4 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario: Verbos: poder, querer, saber, ver, vir, ler...</p>

		Ter de/ir +inf. Preposicións de movemento, Pedir desculpa, concordar, discordar... Medios de transporte (e os seus elementos). Estruturas coloquiais do contexto.
10ª	9 e 11 de marzo	B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 3, 4 B3.1, 2, 3, 4 B 4.3. 4 B5.1, 2, 3, 4 Tema 4 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario: Ao teléfono Repaso tema 4
11ª	16 e 18 de marzo	B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 3, 4 B3.1, 2, 3, 4 B 4.3. 4 B5.1, 2, 3, 4 Material audiovisual e impreso complementario: Convites Pasatempos Escrita dunha carta.

TERCEIRO TRIMESTRE		
SEMANAS	DÍAS	CONTIDOS
1ª	30 de marzo e 1 de abril	B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 4 B3.1

		<p>B4.1 B5.1, 2, 4 Tema 5 libro de texto + material audiovisual e impreso complementario: Facer plans. Verbos irregulares : fazer, dizer, trazer, (pres. indicativo) Comparativos e superlativos Posesivos</p>
2ª	6 e 8 de abril	<p>B1.2, 3, 4, B2.1, 3, 2, 4 B5.1, 2, 3, 4 Tema 5 libro texto+ material audiovisual e impreso complementario: Verbos irregulares (cont.): pedir, ouvir, pôr... Falar de vacacións, pasatempos. Preposicións e adverbios de tempo. Lugares de vacacións nos países da lusofonía.</p>
3ª	13 e 15 de abril	<p>B1.2, 3, 4, B2.1, 3, 2, 4 B3.1, 2 B4.1, 2, 3, 4 B5.1, 2, 3, 4 Tema 5 libro texto+ material audiovisual e impreso complementario: Búsqueda de información e posta en común de lugares de vacacións dos países lusófonos. Comparar países e hábitos.</p>
4ª	20 e 22 de abril	<p>B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 4 B2.3 B3.1, 2, 3 B4.2 B5.1, 2, 3, 4 Tema 5 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario: Suxerir, aconsellar... Vestuario. Épocas festivas, estacións do ano. O tempo.</p>

		Cores. Ordinais.
5 ^a	27 e 29 de abril	B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 4 B2.3 B3.1, 2,3, 4 B4.3,4 B5.1, 2, 3, 4 Tema 5 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario: Revisión do tema 5 e ampliación: frases feitas e refráns do tempo, as estacións do ano...
6 ^a	4 e 6 de maio	B1.2, 3, 4, B2.1, 3, 2, 4 B3.1, 2,3, 4 B4..3 B5.1, 2, 3, 4 Tema 6 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario: Correos. O banco. Solicitar información ou axuda. Verbos e expresións: “podia...”
7 ^a	11 e 13 de maio	B1.2, 3, 4, B2.1,2 ,3, 4 B3.1, 2, 3, 4 B 4.3. 4 B5.1, 2, 3, 4 Tema 2 libro de texto+ material audiovisual complementario: A farmacia. Médico. Doenzas.
8 ^a	18 e 20 de maio	B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 3, 4 B3.1, 2, 3, 4 B 4.3. 4

		B5.1, 2, 3, 4 Tema 6 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario: Pedir unha cita médica por teléfono. Especialidades médicas. Síntomas.
9ª	25 2 27 de maio	B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 4 B2.3 B5.1, 2, 3, 4 Tema 6 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario: As tendas de roupa (roupa, alimentos, prezos...) Descricións físicas e psicolóxicas. Aconsellar, dar instrucións. Precisar de, deber... Demostrativos
10ª	1 e 3 de xuño	B1.2, 3, 4, B2.1, 2,3, 4 B3.1, 2, 3, 4 B 4.3. 4 B5.1, 2, 3, 4 Ampliación tema 6 libro de texto+ material audiovisual e impreso complementario: Frases feitas e refráns relacionados coas saúde, a roupa, o diñeiro.
11ª	8 e 10 de xuño	B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 3, 4 B3.1, 2, 3, 4 B 4.1, .3. 4 B5.1, 2, 3, 4 Material audiovisual e impreso complementario: Aspectos culturais sobre a saúde e o diñeiro nos países da lusofonía.
12ª	15 e 17 de xuño	B1.2, 3, 4, B2.1, 2, 3, 4 B3.1, 2, 3, 4

i	<p>comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.)</p> <p>Reescritura definitiva.</p>	<p>e traballados previamente.</p> <p>B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adequado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p> <p>B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiás ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p>	<p>exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.</p>	CCEC
			<p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
			<p>SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p>	CCL CAA CSC CCEC CD
			<p>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais,</p>	CCL CAA CSC CCEC CD

Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.	
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe				
acido	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos máis básicos.</p> <p>Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p> <p>Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p>	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p>	<p>SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p>

Segunda Lingua Estranxeira. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>B5.4. Plurilingüismo: Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas: Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>	<p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.</p>		

Estruturas sintáctico- discursivas 4º ESO Português

Expresión de relacións lóxicas: adición (*não só...como também; não só... também*); disxunción (*ou, ou...ou*); oposición /concesión (*mas, mesmo assim;... embora*); causa (*por causa disso; daí que*); finalidade (*para + Inf.; para que*); comparación (*mais/menos/tão/tanto + Adj./Adv./Subst. + (do) que/como/quanto*); superlativo relativo (p. ex., *o rapaz mais distraído da turma*); resultado (*assim, portanto*); condición (*se, sem*); discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordes).

Relacións temporais (*enquanto, antes que, depois que, logo que, até que, sempre que*).

Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; frases impersoais).

Exclamación (formas elípticas: *Que + Subst. + (tão) + Adj.*, p. ex. *Que dia tão lindo!*); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. *Ei, esta é a minha bicicleta!; Magnífica bolsa!*).

Negación (sentenzas declarativas negativas con *não, nunca; (não) nada, nenhum (a), ninguém*), nem.

Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., *De quem é a culpa?*); interrogativas tag (p. ex., *Isto é fácil, não é?*); interrogativas eco).

Expresión do tempo: pasado (*pretérito imperfeito, perfeito simples e perfeito composto e pretérito mais-que-perfeito composto*); presente (*presente*); futuro (*futuro simple; (+Adv.); haver-de*).

Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (presente, futuro simples, pretérito imperfeito e pretérito perfeito composto do indicativo (+ Adv.); *andar a + Inf.; ir + Ger.*); habitual (tempos simples (+ Adv.); *costumar+ Inf.*); incoativo (*desatar a + Inf.*); iterativo (*pretérito imperfeito do indicativo; voltar a + Inf.*); terminativo (*pretérito perfeito simples composto e pretérito mais-que-perfeito composto; vir de + Inf.*).

Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); capacidade (*é capaz / incapaz de + Inf.; saber*); posibilidade/ probabilidade (*ser possível / impossível + Inf.; tal vez*); *necessidade* (ser preciso / *necessário + Inf.*); obrigación (*ser obrigatório + Inf.; imperativo*); *permiso* (*poder + Inf.; ser possível/permitido + Inf.*); prohibición: (não) ser possível /permitido + Inf.); intención (*pretérito imperfeito gostar de + Inf.; tratar de + Inf.; pensar + Inf.*).

Expresión da existencia (p. ex., *existir, dar-se*); a entidade (substantivos contables /incontables/colectivos/compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/ tónicos); determinantes; a calidade (*por exemplo, bastante bom; consideravelmente caro; ótimo*).

Expresión da cantidade (Singular/Plural; Numerais cardinais e ordinais. Cantidade: p. ex. *bastante, a maior parte de, mais o menos*. Grao: p. ex. *consideravelmente; bastante bem*).

Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, orixe, dirección).

Expresión do tempo (expresións, preposición e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., *meio-dia*), divisións (p. ex., *período, fim de semana*) e indicacións de tempo (p. ex., *atrás, cedo*); duración (p. ex., *até; entre... e*); anterioridade (*anteontem, já*); posterioridade (*mais tarde, na semana que vem*); secuencia (*em primeiro lugar, depois, em último lugar*); simultaneidade (*naquele momento*); frecuencia (p. ex., *cada semana*).

Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., *á pressa*).

3. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

O referido a continuación considerarase tendo en conta o carácter inicial (niveis A1 e A2) do contacto coa lingua portuguesa e a circunstancia de tratarse dunha 2ªLingua estranxeira con só dúas sesións semanais. En todos os apartados se aceptarán erros, téndose moi en conta a fluidez e asimilación do nivel inicial de Lingua e a actitude positiva e participativa do alumnado nas aulas.

- Consecución de competencia mínima oral e escrita respecto ao visto nas correspondentes unidades do currículo de 1º, 2º e 3º e 4º de ESO de Lingua portuguesa dun xeito sinxelo e básico, aceptándose erros ortográficos e fonéticos do propio nivel:
 - Saúdos, presentacións, información básica de carácter persoal.
 - Descrición e localización de lugares, petición de información sobre lugares, reserva nun hotel
 - Preguntas e respostas das horas do día, as partes do día, os días da semana, os meses do ano, falar e escribir sobre comidas e bebidas, solicitude dunha consumición nun establecemento, os números .
 - Dar e pedir informacións de carácter persoal ou profesional ou de ocupación do tempo libre. Falar sobre accións habituais no pasado
 - Convites, aceptacións e rexeitamentos moi sinxelos, escritura dunha carta moi breve, conversación básica telefónica.
 - Conversación sobre vacacións, pasatempos, compras, precios, visitas médicas, marcar una cita médica, descrições físicas e psicolóxicas moi sinxelas.
 - Comprender anuncios publicitarios.
 - Comprender informacións, instrucións, explicacións en diferentes áreas de servizo...
 - Comprender a programación televisiva.
 - Comprender noticias dun xornal.

- Comprender e deixar mensaxes nun contestador (atendedor de chamadas)
 - Comprender entrevistas na prensa escrita ou nunha entrevista radiofónica.
 - Comprender o horóscopo.
 - Comprender cartas de restaurante.
 - Comprender artigos da prensa escrita.
 - Expresar opinións.
 - Contar a historia dunha película.
 - Formular preguntas que expresan dúbida.
 - Reproducir o que dixo alguén.
 - Aconsellar.
 - Dar información básica sobre un problema de saúde.
 - Comprar, cambiar, devolver, reclamar.
- Vocabulario básico da unidades: países, cidades, profesións, números, horas, ámbito escolar, tempo libre, medios de transporte, hábitos, roupa, tiendas, familia, establecementos comerciais...
 - Aplicación de coñecementos gramaticais (verbos regulares e algúns irregulares en presente de indicativo, pronomes, preposicións e adverbios básicos, algunhas perífrases de moito uso, verbos irregulares en pretérito perfecto simple, pretérito imperfecto, infinitivo persoal, futuro imperfecto, condicional, pretérito perfecto composto de indicativo...)
 - Coñecemento de aspectos culturais da lusofonía (países de fala portuguesa, número de falantes, trazos culturais moi xenéricos e destacables da lusofonía: música, deportes, gastronomía...)

- Realización cunha mínima corrección, adaptada ao nivel, de búsquedas de información sobre temas diversos.
- Actitude positiva e desexo de aprender.

4. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. ESCOITAR E FALAR

- Valorarase a participación na clase e a progresión na correcta pronuncia, e a aproximación ao *sotaque* portugués.
- O instrumento para avaliar este apartado serán actividades propostas na clase, de expresión e de comprensión oral, que quedarán rexistradas no diario de aula e na ficha de seguimento individual do alumnado.
- O alumnado realizará en cada avaliación, como mínimo, unha proba que incluírá exercicios de todas as destrezas. Nela valorarase a aprendizaxe de contidos mínimos na expresión de acontecementos da vida cotiá, co que se deberán demostrar destrezas de comprensión completando textos de todo tipo (cancións...), facendo lectura/s con pronunciación adecuada e mais monólogos ou conversas - feitas en parellas/ grupos-, nas que se deberán demostrar unha mínima fluidez e un manexo axeitado do vocabulario.

2. LER E ESCRIBIR

- As probas correspondentes a este apartado versarán sobre os contidos desta programación e, o mesmo ca no apartado anterior, en cada avaliación o alumnado realizará, como mínimo, unha proba dividida en dúas partes: unha de comprensión e outra de expresión.
- Os bloques de contidos 3 e 4 avaliaranse dentro das actividades orais e escritas propostas para os dous anteriores. Tamén se valorarán a actitude cara á materia, o traballo individual e de grupo (realización de actividades fixadas para cada unidade, actividades de investigación, lectura...), a corrección das tarefas no caderno e a evolución na aprendizaxe.

5 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Metodoloxía activa e participativa baseada, principalmente, na comunicación a través das intervencións do alumnado ensaiando constantemente reproducir a lingua e as situacións da vida real, ben oralmente ou por escrito, con pautas e modelos ou mesmo sen eles, a través da repetición ou da creación propia.

Traballarase a oralidade a través da audición de diálogos, músicas, lecturas etc.; pero tamén da proxección de filmes, documentais e programas de tv; e mais coa recreación de diferentes situacións comunicativas (o máis próximas á realidade).

Esta parte, que se corresponde co bloque 1, terá moita importancia. O bloque de contidos 2 traballarase con textos, relacionados ou non coas audicións, exercicios, lecturas, diálogos, buscas na rede...

Búscase traballar as catro destrezas da comunicación: EO, EE, CO, CE.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O alumnado, á parte dos exercicios do *Livro do aluno, e exercicios* complementares que se acheguen cando se precisar, participará de todo ou de parte do material electrónico que haxa dispoñíbel na rede (informacións, exercicios, cancións, series...).

As lecturas a realizar serán sinxelas e, maioritariamente, facilitadas a través da rede. Sirva de exemplo o seguinte enlace de Literatura infanto-xuvenil:

<http://noticias.universia.com.br/destaque/noticia/2011/12/09/896961/20-livros-literatura-infantil-download-gratuito.html>.

As clases terán como punto de apoio básico o seguinte material:

- Libro de texto para 1º e 2º ESO : TAVARES, Ana: *Português XXI. 1. Livro do aluno*. Editorial Lidel, Lisboa 2012. (seis temas cada curso)

Libro de texto para 3º e 4º ESO: TAVARES, Ana: *Português XXI. 2. Livro do aluno*. Editorial Lidel, Lisboa 2020 (seis temas cada curso)

- CD-Áudio: TAVARES, Ana: *Português XXI. CD- Áudio*. Editorial Lidel, Lisboa 2013.

Este material completarase con outros que resulten útiles. Recollemos aquí só os máis importantes.

- TAVARES, Ana: *Português XXI. 1. Livro do professor*. Editorial Lidel. Lisboa 2013.

- *Dicionário básico ilustrado. Língua portuguesa*. Porto Editora Lda. O Porto 2002.

- *Dicionário Espanhol-Português*. Porto Editora Lda. O Porto 2006.

- *Dicionário Português-Espanhol*. Porto Editora Lda. O Porto 2006.
- *Dicionário da Língua Portuguesa 2009*. Porto Editora Lda. O Porto 2008.
- Falsos amigos (LIDEL)
- Praticar português. Nível elementar. Helena Lemos (LIDEL)
- Português atual 1: nível inicial, Marta Silva (Lidel)
- Português atual 2 (algún exercício, texto e audición): nível médio, Hermínia Malcata (LIDEL)
- Cozinhar português. Aprenda português (LIDEL)

Recursos e enlaces na rede:

- Corrector online FLIP: www.flip.pt/fliponline/tabid/294/default.aspx
- Dicionário de língua portuguesa: www.priberam.pt
- Instituto Camões: www.instituto-camões.pt
- Língua Ativa: www.linguativa.com.b
- Linateca: www.linguateca.pt
- Lusocast: www.lusocast.com
- Português em Ferrol: www.portugues-ferrol.blogspot.com
- Português para nós: www.portuguesparanos.com
- Público: www.publico.clix.pt
- RTP: www.rtp.pt (Falamos português, Cuidado com a língua...)

- SAPO: www.sapo.pt
- SIC: www.sic.pt
- Terra Brasil: www.terra.com.br
- TSF: www.tsf.pt
- Youtube Brasil: www.br.youtube.com
- duolingo
- rtp ensina
- EMPORT
- PPPE

7.CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

RESUMO DA AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN Lingua Portuguesa 1º ESO

A materia de L. Portuguesa dirixe a súa aprendizaxe cara á adquisición das destrezas comunicativas (comprender e expresarse oralmente e por escrito).

Impártese como 2ª Lingua estranxeira e conta cun horario semanal de dous períodos de 50 minutos.

A avaliación será resultado da valoración global e continua dunha serie de actuacións, estándares de aprendizaxe e actitudes que se especifican a continuación:

1. A actitude na aula, en relación co grupo, coa materia e a propia lingua. O alumnado mostrará interese por utilizar e mellorar a súa expresión oral e escrita en L Portuguesa durante as aulas, tanto individualmente como en grupo.

2. As tarefas, actividades e probas orais e escritas

Teranse en conta os resultados das probas e actividades realizadas das diversas competencias (CE, CO, EE, EO*), sempre tendo en conta o nivel de consecución de primeiro ano de A1.

3. O traballo diario: realización das tarefas e actividades, tanto escritas (caderno, arquivos do lapis electrónico...) como orais (de aula, gravacións, audicións...)

4. Lecturas: o alumnado mostrará interese por mellorar a súa pronunciación e fonética nas lecturas de aula. Estas serán de diversos tipos (literarias, xornalísticas...) e adecuadas ao nivel de primeiro ano de A1

5. Os cadernos e o material, organizados e traballados.

6. As intervencións na aula: simulacións de situacións reais, intervencións, preguntas, respostas...

7. A evolución na traxectoria académica.

A cualificación final será o resultado da valoración de todos os instrumentos de avaliación. Organizaranse do seguinte xeito:

➤ Comprensión escrita: 20% (textos escritos do seu nivel)	(CE)*
➤ Comprensión oral: 20% (audicións do seu nivel)	(CO *)
➤ Expresión escrita: 20% (traballos e textos nas probas do seu nivel)	(EE)*
➤ Expresión oral: 20% (tarefas de aula e probas orais do seu nivel)	(EO)*
➤ Actitude: 20% (traballo diario, caderno, participación, interese...)	

PROBAS DA MATERIA:

Cada proba realizada nas avaliacións incluírá contidos específicos das anteriores (tanto nas probas escritas coma no resto das actividades). É dicir, a segunda avaliación incluírá contidos da 1ª, e a terceira das dúas anteriores.

RECUPERACIÓNS:

Dado que a avaliación é continua, non será necesario realizar recuperacións (en forma de probas escritas e orais) fragmentando a materia. Se o resultado da primeira avaliación non fose positivo, o alumnado poderá demostrar a adquisición dos coñecementos da mesma, durante a segunda avaliación. O mesmo rexe para a terceira avaliación respecto ás dúas anteriores.

ORIENTACIÓN DE DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS L.Portuguesa 1º ESO POR TRIMESTRES:

<u>1º TRIMESTRE</u>	<u>2º TRIMESTRE</u>	<u>3º TRIMESTRE</u>
Presentación: expresións e vocabulario. Breve introdución do portugués no mundo. Temas 1 e 2 do "Livro do aluno" Material impreso e audiovisual complementario temas 1e2 Reprodución oral de situacións reais: cumprimentar, despedirse, dar información de carácter persoal. Lecturas moi breves (libro de texto...) Comprensión e produción de textos moi breves: describir lugares, pedir información, reservar un cuarto Cancións...	Revisión da 1ª avaliación Temas 3 e 4 "Livro do aluno" Material impreso e audiovisual complementario temas 3 e 4 Reprodución oral de situacións reais: preguntar e dicir as horas, pedir nun restaurante, tenda. Falar da accións cotiás. Convidar, pedir desculpas Lecturas moi breves relacionadas Comprensión e produción de textos: ler e escribir unha carta Cancións... Vocabulario: comidas, bebidas, días semana. Números.	Revisión 1ª e 2ª avaliación (libro texto) Temas 5 e 6 "Livro do aluno" Material impreso e audiovisual complementario temas 5 e 6 Reprodución oral de situacións reais (falar das vacacións, do tempo, comparar países e hábitos, facer compras, pedir nunha tenda, describir persoas... Lecturas breves relacionadas Comprensión e produción de textos: Cancións... Vocabulario: meses, estacións, épocas festivas,

Vocabulario da cidade, escola, números Ortografía: letras novas.Alfabeto Fonética: sons novos Expresións e “falsos amigos”	Ortografía: uso das novas letras. O alfabeto e deletrear palabras Fonética: práctica novos sons Expresións e “falsos amigos”	familia, prezos, trazos físicos e psicolóxicos. Ortografía: práctica de novas letras Fonética: práctica de novos sons Expresións e “falsos amigos”
---	--	---

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA :

Para a avaliación extraordinaria , ademais da proba obrigatoria que incluírá audición, poderase contemplar a elaboración de actividades específicas de acordo coas necesidades do alumnado.

Nota aclaratoria: Se un alumno ou alumna é sorprendido durante a realización dunha proba utilizando material impreso, audiovisual, informático etc., non autorizado, esta proba será cualificada cun cero.

A Laracha,

de setembro de 20...

Asdo:

PAI/NAI/TITOR/A LEGAL

ESTA INFORMACIÓN,ASINADA, DEBERÁ ESTAR NO CADERNO DO ALUMNO OU ALUMNA PARA A SÚA CONSULTA.

RESUMO DA AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN

Lingua Portuguesa 2º ESO

(Isto é un resumo, a información completa , onde se especifican criterios, instrumentos e estándares de aprendizaxe, está publicada na páxina web do centro)

A materia de L. Portuguesa dirixe a súa aprendizaxe cara á adquisición das destrezas comunicativas (comprender e expresarse oralmente e por escrito). Impártese como 2ª Lingua estranxeira e conta cun horario semanal de dous períodos de 50 minutos.

A avaliación será resultado dunha valoración global e continua dunha serie de actuacións, estándares de aprendizaxe e actitudes que se especifican a continuación:

1. A actitude na aula, en relación co grupo, coa materia e a propia lingua. O alumnado mostrará interese por utilizar e mellorar a súa expresión oral e escrita na L Portuguesa durante as aulas, tanto individualmente como en grupo.

2. As tarefas, actividades e probas orais e escritas

Teranse en conta os resultados das probas e actividades realizadas das diversas competencias (CE, CO, EE, EO*), sempre tendo en conta o nivel de consecución de primeiro ano de A2.

3. O traballo diario: realización das tarefas e actividades, tanto escritas (caderno, arquivos do lapis electrónico...) como orais (de aula, gravacións, simulación de situacións da vida real...)

4. Lecturas: o alumnado mostrará interese por mellorar a súa comprensión, pronunciación e fluidez nas lecturas de aula. Estas serán de diversos tipos (literarias, xornalísticas...) e adecuadas ao nivel de primeiro ano de A2.

5. Os cadernos e o material, organizados e traballados.

7. A evolución na traxectoria académica.

A cualificación final será o resultado da valoración de todos os instrumentos de avaliación mencionados. Organizaranse do seguinte xeito:

➤ Comprensión escrita: 20% (textos escritos do seu nivel)	(CE)*
---	-------

➤ Comprensión oral: 20% (audições do seu nivel)	(CO *
➤ Expresión escrita: 20% (traballos e textos nas probas do seu nivel) (EE)*	
➤ Expresión oral: 20% (tarefas de aula e probas orais do seu nivel)	(EO)*
➤ Actitude: 20% (traballo diario, caderno, participación, interese...)	

PROBAS DA MATERIA:

Cada proba realizada nas avaliacións incluíra contidos específicos das anteriores (tanto nas probas escritas coma no resto das actividades). É dicir, a segunda avaliación incluíra contidos da 1ª, e a terceira das dúas anteriores.

RECUPERACIÓNS:

Dado que a avaliación é continua, non será necesario realizar recuperacións (en forma de probas escritas e orais) fragmentando a materia. Se o resultado da primeira avaliación non fose positivo, o alumnado poderá demostrar a adquisición dos coñecementos da mesma, durante a segunda avaliación. O mesmo rexe para a terceira avaliación respecto ás dúas anteriores.

ORIENTACIÓN DE DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS L.Portuguesa 3º ESO POR TRIMESTRES:

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
Revisión básica: atividades de revisão 3 “livro do aluno 1” (inicio de curso) Temas 1 e 2 “Livro do aluno 2” Material impreso e audiovisual complementario temas 1 e 2 Reproducción oral de situacións reais Lecturas (literarias, expositivas...) Comprensión e produción de textos (búsqueda de información e traballos en diversos soportes) Cancións... Vocabulario Ortografía	Temas 3 e 4 “Livro do aluno 2” Revisión temas 1,2,3 (atividades revisão 1) Material impreso e audiovisual complementario temas 3 e 4 Reproducción oral de situacións reais Lecturas (literarias, expositivas...) Comprensión e produción de textos (búsqueda de información e traballos en diversos soportes) Cancións... Vocabulario Ortografía Fonética	Temas 5 e 6 “Livro do aluno 2” Revisión temas 4,5,6 (atividades revisão 2) Material impreso e audiovisual complementario temas 5 e 6 Reproducción oral de situacións reais Lecturas (literarias, expositivas...) Comprensión e produción de textos (búsqueda de información e traballos en diversos soportes) Cancións... Vocabulario Ortografía

Fonética Expresións e “falsos amigos”	Expresións e “falsos amigos”	Fonética Expresións e “falsos amigos”
--	------------------------------	--

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO:

Para a avaliación extraordinaria de setembro, ademais da proba obrigatoria que incluíra audición, poderase contemplar a elaboración de actividades específicas de acordo coas necesidades do alumnado.

Nota aclaratoria: Se un alumno ou alumna é sorprendido durante a realización dunha proba utilizando material impreso, audiovisual, informático etc., non autorizado, esta proba será cualificada cun cero.

A Laracha,

de setembro de 20...

Asdo:

PAI/NAI/TITOR-A LEGAL

ESTA INFORMACIÓN, ASINADA, DEBERÁ ESTAR NO CADERNO DO ALUMNO OU ALUMNA PARA A SÚA CONSULTA.

8.ACTIVIDADES

- Proxección de filmes de animación e curtametraxes.
- Aténdonos á dispoñibilidade das persoas contactadas e do orzamento do centro: sesións de contos orais, actuacións musicais, visitas ao centro de falantes nativos ...
- Durante a primeira e/ ou terceira avaliacións, sempre que o orzamento do centro ea dispoñibilidade das persoas o permita, poderá realizarse algunha visita educativo- cultural a algunha vila/cidade portuguesa ou o desprazamento a algún evento en portugués en territorio galego.
- Se for posible, ben durante este curso ou o seguinte –atendendo aos proxectos que as demais linguas presenten durante este curso académico- iniciárase o proceso para realizar un futuro intercambio entre o alumnado do IES Agra de Leborís e o alumnado dun instituto de Portugal ou Os Acores.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A diversidade dentro da aula refírese tanto aos modos de aprendizaxe como ás capacidades do alumnado. Cada alumno ou alumna é diferente e hai que ter en conta esa heteroxeneidade para desenvolver de forma eficaz as súas capacidades. Non todo o alumnado aprende do mesmo xeito, os estilos de aprendizaxe dentro dun mesmo grupo son distintos; de aí a importancia de variar tanto o tipo de actividades como as técnicas de ensino utilizadas.

Cando o alumnado dun mesmo grupo presente un nivel de coñecementos excesivamente dispar, tratarase de lle dar solución a este problema por medio de actividades multi nivelares.

10 TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Unha das vertentes dos obxectivos xerais da área é o desenvolvemento do pensamento crítico do individuo que adquirirá a súa verdadeira dimensión se o contextualizamos na realidade da sociedade. Así pois trataremos os temas transversais primarios nos obxectivos básicos dentro da nosa área, sempre englobados no marco máis xeral de interdisciplinabilidade. Estes temas básicos que estarán sempre presentes nas nosas aulas, independentemente daqueles que priorice no centro para cada curso son:

CL:Comprensión lectora

EOE:Expresión oral e escrita

CA:Comunicación audiovisual

TIC:Tecnoloxías da información e da comunicación

E:Emprendemento.

ECC:Educación cívica e constitucional

IEHM: Desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres

PVX: Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade

PRPC. Prevención e resolución pacífica de conflitos

PI: Principio de igualdade de trato e non discriminatorio por calquera condición ou circunstancia persoal e social (valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con

discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.)

EEIE: Espírito emprendedor e a iniciativa empresarial

EV: Educación viaria

Os elementos transversais arriba mencionados terán presenza constante nas actividades que desenvolven o currículo da materia de Lingua Portuguesa de 1º, 2º, 3º e 4º ESO, de xeito que se aproveitará cada un dos contidos e as actividades correspondentes para promovelos ou poñelos en valor.

Algúns destes elementos son inherentes á propia materia e forman parte de catro dos cinco Bloques en que se organiza: Bloque 1. Comprensión de textos orais . Bloque 2. Produción de textos orais. Bloque 3. Comprensión de textos escritos. Bloque 4. Produción de textos escritos. Son os seguintes: CL (Comprensión lectora), EO (expresión oral e escrita) Outros como TIC (Tecnoloxías da información e a comunicación) e CA (Comunicación audiovisual) son un medio constante para desenvolver os Bloques mencionados e tamén o Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe.

Outros elementos transversais deben ser introducidos na práctica de aula sempre que o tema ou a actividade de aula o permita, polo que a docente de 2ª Lingua estanxeira- Portugués, estará atenta para aproveitar cada unha destas ocasións:

Por exemplo os elementos transversais PI (Principio de igualdade), PVX (Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade) e PRPC (Prevención e resolución de conflitos), que fan fincapé no trato non discriminatorio, nos valores democráticos , na igualdade entre homes e mulleres, no respecto aos discapacitados ou no fomento de comportamentos contra calquera forma de violencia, terán presenza nos textos seleccionados ou no vocabulario, tendo especial coidado, por exemplo, co vocabulario : a advogada/o advogado, o doutor/ a doutora..., fomentando o espírito crítico do alumnado en referencia ao seximo na lingua. Por outra parte, as situacións que reproducen a vida real na práctica diaria da aula de lingua, deben ofrecer modelos que se axusten a comportamentos que favorezan a asertividade e o comportamento democrático.

Outros dos elementos a destacar son EE (Espírito emprendedor e iniciativa empresarial) e E (Emprendemento). Ambos os dous están relacionados coa autonomía e a creatividade que debe vincularse ao traballo escolar, propiciando o emprendemento por parte do alumnado.

No caso da nosa materia contamos con material na rede no site: www.learningportuguese.eu (A Lingua portuguesa e os negocios nos países lusófonos). Este material de EMPORT aproxima a situación relativas ao mundo dos negocios reais, pon o foco nos costumes e a cultura como vía para facilitar a introdución no mundo empresarial da lusofonía. Trátase dun material dinámico, de animación, con audio e imaxes que reproducen situacións do mundo empresarial en todos os países da lusofonía.

Por último o elemento transversal EV(Educación viaria) pode ser introducido no momento en que se trata o tema 2: A cidade, fomentando as prácticas responsables.

11. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial utilízase para detectar deficiencias de formación e coñecementos a nivel individual, e así poder establecer un modelo de actuación rápida e tamén para ter unha información básica do coñecemento instrumental básico que cada alumna ou alumno ten da materia, as súas fortalezas e debilidades, adaptado ao seu nivel. As xuntas de avaliación inicial de principio de curso serven para contrastar esta información parcial de cada materia e obter unha información máis completa e global de cada alumna ou alumno.

Será norma deste Departamento realizar unha valoración inicial que poderá incluír modalidade escrita e/ou oral.

O contido da mesma estará en relación cos coñecementos que se lle supoñen adquiridos ao alumnado que entra no nivel.

Poderá recoller os seguintes aspectos adaptados ao curso:

Lectura

Ditado

Comprensión oral e escrita

Produción de textos orais e escritos axustados a un contexto

Actitude cara á materia

No caso de detectar problemas individuais ou colectivos tentarase facer una valoración das necesidades a ter en conta, que terán que ver con aspectos coma os seguintes:

A nivel individual consultarase os informes de cursos pasados de docentes e Orientación sobre problemas coma dislexias, dificultades de concentración, de comprensión lectora, de redacción ... que tentarán ser solventados co reforzo e apoio necesario na aula ou fóra dela. Os resultados da avaliación previa servirán de referencia para a adaptación do currículo ás esixencias de cada alumna ou alumno.

O alumnado con necesidades especiais terá un seguimento individual e un reforzo adaptado ás súas características.

O alumnado con altas capacidades terá una adaptación individualizada de acordo ao seu nivel de aprendizaxe.

12. PLAN LECTOR 2ª Lingua estranxeira portugués

Para facilitar a consecución dos obxectivos que a *Lei Orgánica de Educación* e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan, os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura.

Na materia de portugués sempre dedicamos un tempo á lectura, dado que é unha parte importante da nosa materia. A través da lectura o alumnado practica a pronunciación, a boa entoación e a comprensión.

Dependendo dos cursos os textos de lectura son mais complexos ou máis sinxelos, tal e como se especificou en apartados anteriores (9).

En todo caso, en cada curso aplicaranse as competencias lectoras seguindo a Orde do DOG 13 de xullo de 2007.

Por outra parte, a Biblioteca do centro e as docentes responsables están pendentes de ampliar a oferta en portugués e contan coa nosa participación en todas as actividades dando visibilidade ao portugués como ao resto de oferta en linguas do centro.

Non obstante, o Plan Lector do Departamento de LGal desenvólvese noutro apartado e a el súmase tamén, na medida do posible, a materia de portugués 2ª Lingua estranxeira.

ANEXO III

EDUCACIÓN SEMIPRESENCIAL

Se as autoridades sanitarias deciden que este sexa o modelo de ensino nalgún momento do curso adaptarase a programación ás novas circunstancias, de tal xeito que todo o programado será distribuído conforme o réxime de presencialidade do alumnado. Os cambios terán que ver coa realización de traballo específico durante os períodos nos que o alumnado permaneza fóra do centro. O profesorado establecerá o ritmo de traballo e a realización de actividades académicas nos domicilios de xeito paralelo ao que se faga na clase, para que todo o alumnado reciba a mesma formación e poida seguir o curso sen dificultades. As actividades a realizar fóra do instituto poderán ser de moi diferente natureza: traballos, exercicios, resumos de contidos, actividades de potenciación de destrezas específicas e capacidades varias... No momento en que ese alumnado se reincorpore haberá unha posta en común de todo o traballo realizado, que non se diferenciará do executado na clase a excepción de que a supervisión se aprace para as xornadas presenciais. De todas formas aquí entrarán en xogo as previsións e ferramentas que teremos en conta para o ensino virtual, que se detallan no seguinte anexo. Haberá un seguimento individualizado para o alumnado mediante a aula virtual, os correos electrónicos, os grupos de whatsapp... para que se poidan consultar dúbidas en calquera momento cos docentes e a execución das tarefas non se ralentice nin se deteña. A avaliación non sufrirá variación fóra de ter que realizarse seguindo as quendas impostas pola semipresencialidade do alumnado.

ANEXO IV

EDUCACIÓN VIRTUAL

Realizarse mediante os métodos establecidos e tendo en conta as circunstancias. A metodoloxía adaptarse á situación, así como a avaliación.

PROPOSTAS DE MELLORA:

Recóllense as medidas de mellora establecidas na memoria do terceiro trimestre do curso pasado, co obxectivo de mellorar a coordinación no método de traballo, a comunicación con alumnado e familias, co Departamento de Orientación, a avaliación ...

- Aula virtual: unificaremos a difusión das actividades mediante a aula virtual pero sen deixar de utilizar complementariamente outros métodos de resultados probados como o whatsapp e o correo electrónico persoal e familiar.
- Avaliación: como xa se viña facendo o exame tradicional será só un recurso pero non o único método de avaliación potenciando outros métodos que deron resultados positivos. Dependendo do que se avalíe diversificaranse as posibilidades: traballos de investigación, cadernos de exercicios, probas virtuais...
- Volume de traballo: aínda que ao principio da suspensión das clases presenciais houbo certas dúbidas sobre o volume de traballo que recibía o alumnado, acordamos modificalo de acordo coas necesidades específicas do curso e do alumnado, tendo en conta que as actividades as facían sen a presenza das profesoras. Os prazos tentarán non ser moi ríxidos tendo en conta vicisitudes que se poden presentar como dificultades na conexión, alumnado con necesidades específicas e ritmos de traballo diferenciados...
- Recollemos como un método rápido e eficiente os avisos por whatsapp, polo que, en caso de ser necesario, manterémolo como complemento á AV.
- Contacto individualizado: recollemos como moi positivo o contacto individualizado co alumnado (por whatsapp ou correo electrónico) polo que o manteremos

- Reforzarase o contacto co Departamento de Orientación, cos titores e coa Dirección do centro, para facer un seguimento o máis coordinado posible do alumnado con necesidades especiais.
- Prestarase especial atención á comunicación cos pais do alumnado, polo que lles serán facilitados os correos electrónicos dos docentes para unha comunicación directa., tal e como se fai de xeito habitual, pero de xeito especialmente útil nestas circunstancias. Tamén se utilizará como ferramenta de comunicación o programa ABALAR.
- No caso do alumnado pendente mantéñense as directrices establecidas na educación presencial, a proba escrita será substituída por outros elementos na liña dos contemplados para un curso non presencial.
- As actividades extraescolares dentro e fóra do centro serán suprimidas no caso de indicación da Vicedirección, tendo en conta as limitacións impostas polas autoridades sanitarias.

ANEXO V

LIBROS DE LECTURA

Estarán suxeitos a cambios se é necesario por circunstancias que poidan presentarse

1º ESO	1º TRIMESTRE Historia da lingua galega (Pepe Carreiro) 2º TRIMESTRE Cartas de inverno (A. Fernández Paz) 3º TRIMESTRE O achado do castro (M. Núñez Singala)
2º ESO	1º TRIMESTRE Pel de lobo (Xosé Miranda) 2º TRIMESTRE Recinto gris (Leticia Costas) 3º TRIMESTRE As lágrimas de Shiva (César Mallorquí)
3ª ESO	1º TRIMESTRE Europa Exprés (Andrea Maceiras) 2º TRIMESTRE Cordelúa (Elia Barceló) 3º TRIMESTRE O corazón de Xúpiter (Leticia Costas)
4º ESO	1º TRIMESTRE

	<p>As sete mortes(Carlos Vila Sexto)</p> <p>2º TRIMESTRE Un de nós mente (Karen Mc Mannus)</p> <p>3º TRIMESTRE Casa de bonecas(Henrik Ibsen)</p>
1º BACHARELATO	<p>1º TRIMESTRE Cemiterio de elefantes (Fran Alonso)</p> <p>2º TRIMESTRE Ollos de auga ou A praia dos afogados (Domingo Villar)</p> <p>3º TRIMESTRE Instrucións para tomar cafe (Núñez Singala)</p>
2º BACHARELATO	<p>1º TRIMESTRE Dos arquivos do trasno (Rafael Dieste) Os vellos non deben de namorarse (Castelao)</p> <p>2º TRIMESTRE O crepúsculo e as formigas (X.L. Méndez Ferrín) Adios María (Xohana Torres)</p> <p>3º TRIMESTRE Vidas post-it (Yolanda Zúñiga) Venenos (Xesús Pisón)</p>